RELACIÓN DE ACORDOS ADOPTADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 28 DE MARZO DE 2014:

Actas

1.-Toma de posesión do deputado do Bloque Nacionalista Galego, don Juan José Blanco Riveiro.

2.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 2/14, do 28 de febreiro.

3.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 2.601 á nº 4.000, de 2014.

4.-Proposición da Presidencia: Ratificación de resolucións da Presidencia sobre comparecencia da Deputación en recursos contencioso-administrativos.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

5.-Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos Centro Comercial Aberto para financiar o proxecto "Plan de promoción e dinamización do comercio local campaña Nadal 2013".

6.-Aprobación do convenio coa Fundación rendemento económico mínimo sostible e social para financiar o "I Congreso de Sostenibilidade Social e Económica do Sector Pesqueiro".

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

7.-Aprobación da prórroga do contrato de servizos consistentes na implantación, posta en marcha e xestión dun Plan de pensións para o persoal da Deputación Provincial da Coruña.

8.-Aprobación e formalización do texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Club Universitario de Ferrol para o financiamento da actividade deportiva do club no ano 2013.

9.- Aprobación e formalización do texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Profesor Novoa Santos para o financiamento do Programa divulgativo en doazón e transplantes de órganos, tecidos e células nos concellos da provincia da Coruña.

10.- Aprobación e formalización do texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Profesor Novoa Santos para o financiamento do equipamento necesario do programa divulgativo en doazón de transplantes de órganos, tecidos e células en concellos da provincia da Coruña.

11.- Aprobación e formalización do texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muros para o financiamento do Programa de actividades do Museo Pozo do Cachón no ano 2014.

12.- Aprobación e formalización do texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro para o financiamento do programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza no ano 2014.

13.- Aprobación e formalización do texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para o financiamento do Programa de actividades culturais do ano 2014.

14.- Aprobación e formalización do texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o club Ciclista Cee para o financiamento da celebración da marcha cicloturista "A etapa do fin do mundo".

15.- Aprobación e formalización do texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Bulímicos e Anoréxicos da Coruña (ABAC) para o financiamento das obras de reforma do local municipal destinado a Centro terapéutico para enfermos de anorexia e bulimia.

16.- Aprobación e formalización do texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo para o financiamento do proxecto de dinamización económica "Quedamos en Carballo".

17.- Aprobación e formalización do texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Muxía para o financiamento da adquisición dun vehículo todoterreo.

18.- Aprobación e formalización do texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello do Pino para o financiamento da adquisición de dúas parcelas para construción dun centro sociocultural.

19.- Aprobación e formalización do texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vilasantar para o financiamento da instalación de depósito e tramo da rede de distribución de auga en San Vicenzo.

20.- Aprobación e formalización do texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para o financiamento do proxecto de estudo e aforro enerxético no marco da comunidade intermunicipal da costa bergantiñá.

21.-Aprobación do texto definitivo do "Convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado (representada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte), a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña e a Fundación Emalcsa para a creación da Comisión interadministrativa do evento "120 anos da primeira exposición de Picasso. A Coruña, febreiro-maio de 2015".

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

22.-Aprobación do plan de sendas peonís 2014, primeira fase.

23.-Aprobación do Plan de investimento de vías provinciais 2014, segunda fase.

24.-Aprobación inicial do proxecto reformado "Travesía e seguridade viaria na EP 4803 Miño a Pontedeume do PK 3+800 ao 7+100 e do 10+250 ao 10+750 (1ª fase do PK 3+800 ao 7+100 Pontedeume e Miño)", incluída no Plan de travesías 2006, 1ª relación da 1ª fase. Código 2006.1130.0001.0.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

25.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ames para o financiamento da adquisición de "Tractor agrícola con *desbrozadora* lateral e pa cargadora dianteira".

26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fisterra para o financiamento das obras de "Construción de cunetas de formigón na vía de Sardiñeiro de Arriba".

27.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fisterra para o financiamento das obras de "Ampliación da rede de saneamento de augas fecais no lugar de Mallas".

28.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Frades para o financiamento das obras de bancada no polideportivo de Ponte Carreira.

29.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Frades para o financiamento da adquisición de compra de furgoneta.

30.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Frades para o financiamento da adquisición de compra de tractor equipado con medios auxiliares.

31.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Frades para o financiamento da adquisición de subministración de dispositivos para a suxeición de colectores de lixo.

32.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Laracha para o financiamento das obras de cubrición, cerramento e gradas de pista polideportiva do CEIP Ramón Otero Pedraio.

33.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mañón para o financiamento das obras de iluminación pública en varios lugares de Mañón e iluminación de pistas de pádel.

34.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Miño para o financiamento das obras de equipamento multideportivo na Galea, A Regueira 1ª fase.

35.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ribeira para o financiamento das obras de pavillón polideportivo multiusos de Palmeira.

36.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiso para o financiamento das obras de arranxo en vías municipais (corrección curva en Chorén e outros).

37.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Tordoia para o financiamento das obras de accesos en Santaia (Gorgullos).

38.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Touro para o financiamento das obras de arranxo en camiño Casanova-Vilaperre (Loxo) e outros.

39.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vedra para o financiamento das obras de construción dunha senda peonil en San Fins de Sales.

40.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vedra para o financiamento da adquisición de furgoneta con caixa aberta, cabina sinxela e guindastre traseira.

41.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilarmaior para o financiamento das obras de rede de saneamento en Goimil.

42.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilasantar para o financiamento das obras de arranxo das fachadas do local cultural de Vilariño.

43.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilasantar para o financiamento das obras de arranxo de espazo destinado á infancia en Présaras.

44.-Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014.

45.-Modificación das bases reguladoras do Plan DTC 93 unha deputación para todos os concellos.

46.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e os Concellos de Aranga e Irixoa para o financiamento das obras denominadas “Estrada de Cambás a Irixoa”.

47.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Negreira para o financiamento das obras de “Acondicionamento da praza nas Brañas, Negreira”.

48.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento das obras de “Iluminación pública en Porzomillos. Parroquia de Porzomillos”.

49.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento das obras de "Colocación de beirarrúas en Porzomillos e Mondoi. Parroquias de Porzomillos e Mondoi".

50.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de San Sadurniño para o financiamento das obras de "Construción de escola infantil".

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

51.-Informe sobre o estado de execución presupostaria ao 28.02.2014 e proxección ao 31.12.2014.

52.-Modificación da base 50 de execución do orzamento: subvencións e transferencias nominativas para o exercicio 2014.

53.-Acordo sobre a forma de prestación do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos nos concellos de Curtis, Sobrado dos Monxes e Vilasantar.

54.-Acordo sobre a forma de prestación do servizo público de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos do concello de Padrón.

55.-Dar conta do anteproxecto de informe emitido polo tribunal de contas sobre a fiscalización das retribucións e da xestión dos sistemas de promoción da intervención das entidades locais.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
-Moción do Grupo Socialista relativa á promoción da Ruta Xacobea coñecida como camiño inglés.

I. Expediente de modificación de créditos número 1/2014

II.Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Abegondo para o financiamento das obras de "Instalación de terreo de xogo de herba artificial no campo municipal de San Tirso de Mabegondo."

ROGOS E PREGUNTAS

1.-TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, DON JUAN JOSÉ BLANCO RIVEIRO.

Don Juan José Blanco Riveiro entra no salón de sesións, e toma posesión do seu cargo, prometendo o seu desempeño e lendo a fórmula, séndolle imposta seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de Deputado provincial.

2.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 2/14, DO 28 DE FEBREIRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 2/14, do 28 de febreiro.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 2.601 Á Nº 4.000, DE 2014.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 2.601 á nº 4.000, de 2014.

4.-RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA SOBRE COMPARECENCIA DA DEPUTACIÓN EN RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS.

Don Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da Presidencia nº 17.001, con data do 24/09/2013, dispúxose a comparecencia desta Deputación provincial no PO 186/2013, do Xulgado do Contencioso Administrativo número un dos da Coruña, interposto por don Luís Jaime Rodríguez Fernández, sobre persoal. Da devandita resolución tomou coñecemento a Xunta de Goberno, do 03/10/2013.

Por Resolución da Presidencia nº 869, do 24/01/2014, dispúxose a comparecencia desta Deputación provincial no PO 4003/2014, da Sala do Contencioso Administrativo do TSXG, interposto polo Concello de Oleiros, sobre acordos do Pleno do 20 e 26 de decembro de 2013, que modifica os créditos núms. 4/13 e 5/13. Da devandita resolución tomou coñecemento a Xunta de Goberno, do 07/02/2014.

Por Resolución da Presidencia nº 2.604, do 14/02/2014, dispúxose a comparecencia desta Deputación provincial no PO 2/2014, do Xulgado do Contencioso Administrativo número catro dos da Coruña, interposto polo Concello de Oleiros, sobre convenios. Da devandita resolución tomou coñecemento a Xunta de Goberno, do 07/03/2014.

Por Resolución da Presidencia nº 2.972, do 24/02/2014, dispúxose a comparecencia desta Deputación provincial no PO 4050/2014, da Sala do Contencioso Administrativo do TSXG, interposto polo Concello de Teo, sobre acordos adoptados o 20 e 26 de decembro de 2013, que aproban definitivamente os expedientes de modificación de créditos núms. 4/13 e 5/13. Da devandita resolución tomou coñecemento a Xunta de Goberno, do 07/03/2014.

Por Resolución da Presidencia nº 3.406, do 05/03/2014, dispúxose a comparecencia desta Deputación provincial no PO 4064/2014, da Sala do Contencioso Administrativo do TSXG, interposto polo Concello de Narón, sobre acordos adoptados o 20 e o 26 de decembro de 2013, que aproban definitivamente os expedientes de modificación de créditos núms. 4/13 e 5/13. Da devandita resolución tomou coñecemento a Xunta de Goberno, do 21/03/2014.

Á vista do anterior e a teor do disposto no art. 34.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

PROPÓÑOLLE AO PLENO, a adopción do seguinte acordo:

“Ratificar a Resolución da Presidencia nº 17.001, do 24/09/2013.

Ratificar a Resolución da Presidencia nº 869, do 24/01/2014.

Ratificar a Resolución da Presidencia nº 2.604, do 14/02/2014.

Ratificar a Resolución da Presidencia nº 2.972, do 24/02/2014.

Ratificar a Resolución da Presidencia nº 3.406, do 05/03/2014.”

5.-APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO PARA FINANCIAR O PROXECTO "PLAN DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL CAMPAÑA NADAL 2013".

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de marzo de 2014.

2.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (AC.E.BE.CCA)".

3.- A achega provincial prevista neste convenio ascende a un total de 25.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 79,83%.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio á partida orzamentaria 0510/431A/481 documento contable RC núm. de operación 220140003957 con data do 14 de marzo de 2014 (núm. de referencia 220140020309.

4.- Facultar ó Sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio

5.- O texto íntegro do CONVENIO é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO

Na Coruña o

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. , con DNI núm. , en representación da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO

1. Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO consideran de gran interese para a provincia

promover e dinamizar o papel do pequeno comercio como motor da vida económica e social e achegar unha oferta de ocio para a zona.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO **CIF G 15031263**, para o financiamento do "Plan de promoción e dinamización do comercio local para a Campaña de Nadal 2013".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Gastos de persoal (meses novembro e decembro)	4.875,89
Animación e dinamización en rúas comerciais	1.200,00
Aluguer *carpa* Campaña Nadal	5.375,00
Aluguer pista ecolóxica Campaña Nadal	15.000,00
Equipamento de infraestruturas	1.421,40
Material promocional	2.873,54
Reparto Material promocional	570,00
TOTAL CAMPAÑA (IVE INCLUÍDO)	**31.315,83**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 79,83 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,83 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o

crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/431A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial tiveron lugar entre o 12/12/2013 e o 12 de xaneiro de 2014 e tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a . ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO deberá contar polo menos cun rexistro

cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de Execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de Execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 12 de decembro de 2013 ata o 12 de xaneiro do ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do ano 2014**.
2.- Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO non teña presentada a xustificación o **31 de agosto de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO, respectivamente.

3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

DON DIEGO CALVO POUSO

O representante da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL PARA FINANCIAR O "I CONGRESO DE SOSTIBILIDADE SOCIAL E ECONÓMICA DO SECTOR PESQUEIRO".

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios encóntranse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 2 de febreiro de 2014.

2.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMMS)

3.- A achega provincial prevista neste convenio ascende a un total de 25.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 77,840%.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio á partida orzamentaria 0510/415A/481 documento contable RC núm. de operación 220130045182.

4.- Facultar ó Sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio

5.- O texto íntegro do CONVENIO é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS)

Na Coruña o

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. señor D. Diego Calvo Pouso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. , con DNI núm. , en representación da FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS)

1. Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) consideran de gran interese para a provincia a realización do congreso, xa que se conseguiu reunir na Coruña a aquelas persoas máis representativas do ámbito da pesca a nivel galego, nacional e internacional e que todas tivesen un peso específico nas directrices e no comportamento do sector.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS)**, **CIF G70357173**, para o financiamento do "*I Congreso de SOSTIBILIDADE Social e Económica do Sector Pesqueiro*".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
ALUGAMENTOS E LUGAR DE CELEBRACIÓN	**12.250,52 €**
Aluguer das instalacións do PALEXCO (A Coruña)	3.630,00 €
Servizo de azafatas	1.320,11 €
Aluguer equipamento audiovisual	1.756,92 €
Tradución simultánea (equipos e profesionais)	4.643,68 €
Rotulación e publicidade	899.81 €
ORGANIZACIÓN	**15.595,90 €**
Xeración contidos e material audiovisual Congreso	1.395,90 €
Xestión do congreso	6.000,00 €
Desenvolvemento MicroSite (páxina web)	1.600,00 €
Plan de comunicación e publicidade	3.200,00 €
Impresión cartelería, programas, Documentación…	3.400,00 €
OUTROS GASTOS	**4.270,58 €**
Desprazamentos – Viaxes	600,35 €
Documentación asistentes (do seguimento do congreso)	2.500,00 €
Aloxamento relatores	1.170,23 €
TOTAL	**32.117,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 77,840%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,840% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/415A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA tiveron lugar os días 6 e 7 de novembro de 2013.

2. A FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) deberá presentar a xustificación documental antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da

xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os percibidos os días 6 e 7 de novembro de 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos percibidos con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do ano 2014**.
2. Para o caso de que a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) non poida ter presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS), respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

DON DIEGO CALVO POUSO

O representante da FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS)

7.-APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS CONSISTENTES NA IMPLANTACIÓN, POSTA EN MARCHA E XESTIÓN DUN PLAN DE PENSIÓNS PARA O PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

De conformidade co establecido na cláusula 4ª do prego que rexe o contrato de servizos consistentes na **implantación, posta en marcha e xestión dun plan de pensións para o persoal da Deputación Provincial da Coruña,** aprobado mediante acordo plenario con data do 25 de outubro de 2002 e adxudicado a BIA GALICIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., agora CxG AVIVA CORPORACIÓN CAIXAGALICIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., sendo a entidade depositaria Caixa de Aforros de Galicia (na actualidade NCG BANCO, S.A.), vista a proposta formulada pola Comisión de Control do Plan de Pensións así como os informes favorables dos Servizos de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, de Patrimonio, de Contratación (conformado polo secretario xeral) e de Intervención,

Procede:

1º) Aprobar a prórroga (cuarta e última) do contrato de servizos consistentes na **implantación, posta en marcha e xestión dun plan de pensións para o persoal da Deputación Provincial da Coruña,** e a súa execución pola empresa **CxC AVIVA CORPORACIÓN CAIXA GALICIA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. CIF A15140387** (antes denominada BIA GALICIA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A.), sendo a entidade depositaria do fondo de pensións da Deputación, **NCG BANCO, S.A. CIF A70302039** (antes denominada Caixa de Aforros de Galicia, Vigo, Ourense e Pontevedra – NovaCaixa Galicia)
2º) As comisións de depósito e de xestión, que constitúen o prezo do contrato, quedan establecidas durante o período de prórroga en:

Comisión de depósito: 0,05% do valor nominal do patrimonio custodiado

Comisión de xestión: 0,15% do patrimonio do fondo de pensións para a de xestión.

3º) O pago do prezo queda supeditado á súa cuantificación e condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nas partidas 0710/221A/127 e 0710/221A/137 do orzamento para 2014.

4º) O prazo da prórroga, dun ano, queda establecido desde o 8 de abril de 2014 ao 7 de abril de 2015, rexéndose a prórroga polo prego de cláusulas administrativas particulares aprobado e as correspondentes especificacións técnicas do plan.

5º) Formalizar a prórroga do contrato en documento administrativo.

8.-APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB UNIVERSITARIO DE FERROL PARA O FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA DO CLUB NO ANO 2013.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de marzo de 2014.

2.- Concederlle *ao Club Universitario de Ferrol* unha subvención nominativa por importe de 15.000 **€,** para ***financiar a Actividade*** deportiva do club no ano 2013, cun orzamento de 159,425 €, por considerar que concorren circunstancias de excepcional interese público que xustifican a súa consideración á marxe da convocatoria xeral de subvencións.

3.- Aprobar o convenio correspondente á devandita subvención, de acordo co texto que se achega.

4.- Subordinar a aprobación do presente acordo e do convenio á aprobación definitiva e a entrada en vigor do EMC 1/2014

5.- Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal dos gastos de conformidade co establecido no art. 176 do Texto refundido da lei de facendas locais.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña *e o* Club Universitario de Ferrol para financiar a *Actividade deportiva do club realizada no ano 2013*

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

D. Leopoldo Ibáñez Santiago, Presidente do Club Universitario de Ferrol

MANIFESTAN

Que ambas as partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte

Que o Club Universitario de Ferrol é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o Club Universitario de Ferrol coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e *o* Club Universitario de Ferrol (CIF:G15659261) para financiar a ***Actividade deportiva do club realizada no ano 2013.***

II.- Orzamento de gastos da actividade realizada pola entidade beneficiaria.

O Club Universitario de Ferrol desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Equipo Liga Feminina 2	
Inscrición	1.300,00 €
Fichas xogadores	1.528,00 €
Gastos Federación Española	900,00 €
Mutualidade	1.800,00 €
Arbitraxes	4.200,00 €
Desprazamentos e axudas de custo árbitros	4.200,00 €
Desprazamentos autobús	15.000,00 €
Desprazamentos Canarias	2.000,00 €
Gastos por facer noite	2.000,00 €
Axudas de custo e desprazamentos (10x15persoas)	2.050,00 €
Xogadores LF-2	60.000,00 €
Técnicos LF-2	23.600,00 €
Seguros médico xogadores	850,00 €
Billetes avión de xogadoras	4.000,00 €
Quilometraxe directivos	1.500,00 €
Pavillón LFB2 e 1ª Div. Aut.	8.000,00 €
Estatísticas	450,00 €
Gravación vídeos	450,00 €
Vendedor de billetes-porteiro LF-2	450,00 €

Equipos base	
Inscrición	600,00 €
Licenzas	900,00 €
Mutualidades	1.400,00 €
Arbitraxes	4.200,00 €
Desprazamentos autobús eq. base (Fund)	2.600,00 €
Gastos desprazamentos equipos base	1.000,00 €
Adestradores equipos base	6.640,00 €
Pavillón equipos base	300,00 €
Gastos comúns	
Material deportivo	2.200,00 €
Gastos de farmacia	1.500,00 €
Auga	1.000,00 €
Teléfono e correos	1.000,00 €
Imprenta e secretaria	600,00 €
Outros gastos	1.207,00 €
Total	***159,425,00 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **9,41 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 9,41 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Club Universitario de Ferrol obteña para a

mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Club Universitario de Ferrol.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Club Universitario de Ferrol, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Club Universitario de Ferrol deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Club Universitario de Ferrol.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao Club Universitario de Ferrol logo de terse presentado a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Club Universitario de Ferrol, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, as datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia

sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas antes do 31 de decembro de 2013.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Club Universitario de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da formalización do convenio en documento administrativo.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Club Universitario de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Club Universitario de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Club Universitario de Ferrol na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Club Universitario de Ferrol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de

xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Club Universitario de Ferrol deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Club Universitario de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Club Universitario de Ferrol deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Club Universitario de Ferrol poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Club Universitario de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade comportará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Club Universitario de Ferrol serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Club Universitario de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2013 , sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e rematará a súa vixencia **tres meses despois da súa sinatura.**

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

9.- APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DIVULGATIVO EN DOAZÓN E TRANSPLANTES DE ÓRGANOS, TECIDOS E CÉLULAS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de marzo de 2014.

2.- Concederlle á Fundación Profesor Novoa Santos, unha subvención nominativa por importe de 11.360,00 €, para *financiar o Programa divulgativo en doazón e transplantes de órganos, tecidos e células nos concellos da provincia da Coruña*, cun orzamento de 14.200,00 €, por considerar que concorren circunstancias de excepcional interese público que xustifican a súa consideración á marxe da convocatoria xeral de subvencións.

3.- Aprobar o convenio correspondente á devandita subvención, de acordo co texto que se achega.

4.- Subordinar a aprobación do presente acordo e do convenio, á aprobación definitiva e á entrada en vigor do EMC 1/2014.

5.- Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal dos gastos de conformidade co establecido no art. 176 do Texto refundido da lei de facendas locais.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DIVULGATIVO EN DOAZÓN E TRANSPLANTES DE ÓRGANOS, TECIDOS E CÉLULAS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. Francisco José Vilanova Fraga, Presidente do Padroado Fundación Profesor Novoa Santos

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

É competente a Deputación para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen as ditas actividades.

Na Lei de servizos socias para Galicia 13/2008, menciónanse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo a actividade de difusión da doazón de órganos, tecidos e células nos concellos da provincia da Coruña, polo que está xustificado o apoio desta Deputación para levar adiante o programa de actividades de que se trata no convenio.

Dado o interese coincidente da Deputación e da **Entidade** de Fundación Profesor Novoa Santos
ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Profesor Novoa Santos, con NIF G15335219 para o financiamento do programa divulgativo en doazón e transplantes de órganos, tecidos e células nos concellos da provincia da Coruña.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Colaboradora a tempo parcial	11.000,00 €
Xestor de apoio	2.840,00 €
Gastos desprazamentos	360,00 €
TOTAL	**14.200,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 11.360,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231E/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .
1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.
1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **ENTIDADE BENEFICIARIA.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada á **ENTIDADE BENEFICIARIA** unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias

- compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á **ENTIDADE BENEFICIARIA** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a **ENTIDADE BENEFICIARIA** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **ENTIDADE BENEFICIARIA** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. **A ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a

presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.
1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.
1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.
1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.
1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan
incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á
Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.
1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de setembro do ano 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2014.**
2.Para o caso de que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá concederlle a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En

ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día _____de_____de_____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e
data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ENTIDADE

10.- APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS PARA O FINANCIAMENTO DO EQUIPAMENTO NECESARIO DO PROGRAMA DIVULGATIVO EN DOAZÓN DE TRANSPLANTES DE ÓRGANOS, TECIDOS E CÉLULAS EN CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de marzo de 2014.

2.- Concederlle á Fundación Profesor Novoa Santos, unha subvención nominativa por importe de 2.791,20€, para ***financiamento do equipamento necesario do programa divulgativo en doazón e transplantes de órganos, tecidos e células nos concellos da provincia da Coruña***, cun orzamento de 3.489,00€, por considerar que concorren circunstancias de excepcional interese público que xustifican a súa consideración á marxe da convocatoria xeral de subvencións.

3.- Aprobar o convenio correspondente á devandita subvención, de acordo co texto que se achega.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS PARA O FINANCIAMENTO DO EQUIPAMENTO NECESARIO DO PROGRAMA DIVULGATIVO EN DOAZÓN E TRANSPLANTES DE ÓRGANOS, TECIDOS E CÉLULAS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA

Na Coruña o ____ de _____de 201___

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. Francisco José Vilanova Fraga presidente do Padroado Fundación Profesor Novoa Santos

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

É competente a Deputación para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen actividades.

Na Lei de servizos socias para Galicia 13/2008, menciónanse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo a actividade de difusión da doazón de órganos, tecidos e células nos concellos da provincia da Coruña, polo que está xustificado o apoio desta Deputación para levar adiante o programa de actividades de que se trata no convenio. Dado o interese coincidente da Deputación e da Entidade Fundación Profesor Novoa Santos ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Profesor Novoa Santos con NIF G15335219 para o financiamento da adquisición da/s subministración/s que se describe/n de seguido:

TIPO DE BEN	Nº DE UNIDADES
Ordenador portátil	1
Canón	1

II.- ORZAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO OU BEN

Segundo o presuposto que achega a **ENTIDADE BENEFICIARIA**, o orzamento máximo para a adquisición do equipamento ou ben ascende a 3.489,00 EUROS, co seguinte detalle:

Nº UNIDADES		**PREZO UNITARIO**
1	Ordenador portátil	999,00 €
1	Canón	2.490,00 €
TOTAL		**3.489,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 2.791,20 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 % A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a

entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben ou equipamento e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de transporte, nin os posibles honorarios derivados de informes periciais de valoración ou de carácter notarial ou rexistral.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231E/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á **ENTIDADE BENEFICIARIA**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe da adquisición **supera os 18.000 euros**, con carácter previo á contratación, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Nos acordos que se tomen para a adquisición do ben ou equipamento farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben ou equipamento, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá colocar un cartel no taboleiro de anuncios do local social ou en calquera outro lugar visible no que figure o anagrama provincial e no que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.
A achega da Deputación seralle aboada á **ENTIDADE BENEFICIARIA** unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.
- Copia do contrato formalizado, do albará de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que esta foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da **ENTIDADE BENEFICIARIA** e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de cinco anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- **A ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.2 de publicidade.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben ou equipamento que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á **ENTIDADE BENEFICIARIA** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a **ENTIDADE BENEFICIARIA** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **ENTIDADE BENEFICIARIA** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. **A ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. **A ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do ben ou equipamento dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de setembro de 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2014.**

2. Para o caso de que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá concederlle a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da E**NTIDADE BENEFICIARIA**, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ núm._____do_____de _____de 201_

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Diego Calvo Pouso Asdo.:

11.- APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUROS PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO MUSEO POZO DO CACHÓN NO ANO 2014.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 17 de marzo de 2014.

2.- Concederlle *ao Concello de Muros* unha subvención nominativa por importe de 20.000,00€, para *financiar o* "Programa de actividades Museo Pozo de Cachón ano 2014" cun orzamento de 30.031,12€, por considerar que concorren circunstancias de excepcional interese público que xustifican a súa consideración á marxe da convocatoria xeral de subvencións.

3.- Aprobar o convenio correspondente á devandita subvención, de acordo co texto que se achega.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muros para financiar o *Programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2014.*

Na Coruña, o

REÚNENSE

O Sr. D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A Sra. Dna. Caridad González Cerviño, Alcaldesa do Concello de Muros, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ámbalas partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria para outorgar o presente convenio

MANIFESTAN

O Concello de Muros é titular do muíño de marea do Pozo do Cachón que é unha magnífica obra de enxeñería da segunda metade do século XIX.

Este edificio emprazado na ría de Muros foi rehabilitado a partir do ano 1990, rematando as obras no ano 1999.

No ano 2004, coa colaboración desta Deputación, foi realizado un proxecto de musealización destinado a integrar o muíño de marea nun circuíto de actividades vinculadas ao turismo cultural que levou á conversión do edificio no Centro de Interpretación de Muíños da Costa da Morte, que empezou a funcionar no mes de abril de 2005.

No ano 2008, cunha axuda desta Deputación, dótase de persoal de dinamización e, no ano 2009, mellorouse a dotación interior; na actualidade estase a reconstruír un dos muíños.

As deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción da cultura e equipamentos culturais.

A Deputación da Coruña é consciente da importancia do labor que este espazo museístico de Muros desenvolve, non só no ámbito local senón con influencia en toda a comarca da Costa da Morte e Barbanza e na provincia coruñesa.

En virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello de Muros acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muros (CIF: P1505400J) para financiar o ***Programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2014.***

Esta programación terá os seguintes contidos:

- Visitas guiadas no Museo do Pozo do Cachón.
- Saídas guiadas dende o Museo do Pozo do Cachón aos muíños de Longarela, muíño de Pontella, muíño de Riomaior, muíños de vento, estacións de arte rupestre e outros lugares de interese.
- Exposicións temporais: “Cantares Gallegos”, “O mundo do pan”, “Mostra Muradana de Artesanía”, “Nacemento, vestido de galego”.
- Mostra de artesanía.
- Obradoiro “O mundo do pan”.
- Edición de materiais gráficos sobre o muíño e as actividades propostas.
- Edición de material audiovisual sobre o muíño e o proceso de produción de pan de xeito tradicional.
- Actividades esporádicas nas que colabora o Concello: Festa de Nadal, Obradoiro de Música Antiga.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Muros.

O Concello de Muros desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Salario guía	12.631,44.-
Salario animadora turístico-cultural	7.221,60.-
Salario limpador	8.928,08.-
Obradoiro do pan	250,00.-
Mostra de artesanía e exposicións temporais	600,00.-
Publicidade do Museo e actividades	400,00.-
Total	**30.031,12 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **66,598 %.**

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 66,598 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/333A/46200, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Muros obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Muros o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Muros axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Muros.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Muros do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable para xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (66,598 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

*** Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

*** Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos

conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*** Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Muros terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Muros deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Muros para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Muros da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Muros deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Muros destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Muros poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Muros queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Muros serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Muros será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.
2.- Despois da solicitude do Concello de Muros, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Muros.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

12.- APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIRO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO CENTRO ARQUEOLÓXICO DO BARBANZA NO ANO 2014.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 18 de marzo de 2014.

2.- Concederlle *ao Concello de Boiro* unha subvención nominativa por importe de 20.000,00€, para *financiar o* "Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza no ano 2014**"** cun orzamento de 37.394,36€, por considerar que concorren circunstancias de excepcional interese público que xustifican a súa consideración á marxe da convocatoria xeral de subvencións.

3.- Aprobar o convenio correspondente á devandita subvención, de acordo co texto que se achega.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro para financiar o *"Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza no ano 2014"*

Na Coruña, o

REUNIDOS

Don Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Don Juan José Dieste Ortigueira, Alcalde-Presidente do Concello de Boiro, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen, con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

A Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, establece a obriga dos concellos de protexer, defender, realzar e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen no seu termo municipal.

Así mesmo, a dita lei establece a cooperación das institucións públicas de Galicia para a consecución dos fins dispostos na citada lei.

As deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción da cultura e equipamentos culturais.

De conformidade co anterior, o Concello de Boiro ten previsto un programa de actividades no Centro Arqueolóxico do Barbanza, co obxectivo de dinamizar e dar a coñecer o centro e o seu contorno.

De conformidade coa Lei 5/1997, de administración local de Galicia que establece no art. 109 como competencia propia das deputacións a asistencia aos concellos e o fomento dos intereses peculiares da provincia e, no art. 118.b), a conservación de monumentos históricos, e, co obxecto de establecer as condicións da súa colaboración, a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro (CIF: P1501100J) para financiar o ***Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza no ano 2014***, no que se inclúen as seguintes:

* VII Encontro Arqueolóxico do Barbanza, que terá lugar na Casa da Cultura Ramón Martínez López os día 22 e 23 de febreiro.

* Programa de visitas guiadas a áreas arqueolóxicas, os día 8 e 9 de marzo.

* Edición e publicación das vídeo-actas do VII Encontro Arqueolóxico do Barbanza.

* Intervención arqueolóxica nos Castros de Neixón, durante o mes de agosto.

* Obradoiros experimentais e didácticos ao longo do ano.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Boiro.

O Concello de Boiro desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

VIII Encontro arqueolóxico do Barbanza

Material de oficina e funxible	388,35.-
Gravación relatorios en directo	670,00.-
Desprazamentos relatores alleos	750,00.-
Aluguer medios técnicos	5.119,75.-
Gastos relatores ámbito galego	4.748,23.-
Aloxamento relatores alleos	700,00.-
Manutención relatores	2.100,00.-

Subtotal	*14.476,33.-*
Visitas guiadas a áreas arqueolóxicas	
Desprazamentos	480,00,-
Subtotal	*480,00.-*
Vídeo-actas	
Edición e publicación	3.539,00.-
Subtotal	*3.539,00.-*
Intervención arqueolóxica nos Castros de Neixón	
Baleirado foxas	2.605,80.-
Redacción proxecto, dirección traballo de campo, 2 arqueólogos, 1 restaurador, redacción da memoria	11.491,23.-
Materiais funxibles	3.200,00.-
Subtotal	*17.297,03.-*
Obradoiros	
Materiais funxibles	1.602,00.-
Subtotal	*1.602,00.-*
Total	***37.394,36 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **53,484 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 53,484 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/333A/46200, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Boiro obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Boiro o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Boiro axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.-O Concello de Boiro comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Boiro.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Boiro do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable para xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (53,484 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

*** Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

*** Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.
*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*** Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Boiro terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Boiro deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Boiro para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Boiro da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Boiro deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Boiro destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Boiro poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas

as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Boiro queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Boiro serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Boiro será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

2.- Despois da solicitude do Concello de Boiro, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Boiro.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por --------

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

13.- APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO ANO 2014.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 19 de marzo de 2014.

2.- Concederlle *ao Concello da Coruña* unha subvención nominativa por importe de 240.000,00 €, para *financiar o* "Programa de actividades culturais do ano 2014" cun orzamento de 300.000,00€, por considerar que concorren circunstancias de excepcional interese público que xustifican a súa consideración á marxe da convocatoria xeral de subvencións.

3.- Aprobar o convenio correspondente á devandita subvención, de acordo co texto que se achega.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o *Programa de actividades culturais 2014.*

Na Coruña, o

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña.

D. Carlos Negreira Souto, Alcalde do Concello da Coruña.

MANIFESTAN

1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

2.- Que a Tenencia de Alcaldía do Concello da Coruña entende que a actividade dos poderes públicos no campo da promoción cultural ten como primeira finalidade promover o acceso da cidadanía a unha cultura de calidade, en condicións de igualdade. A política cultural é, neste senso, unha parte fundamental dos servizos de benestar, xa que contribúe ao benestar e á cohesión social e á identificación da cidadanía cos valores da súa sociedade.

Máis, tamén, as políticas culturais teñen outras finalidades complementarias, xa que as administracións públicas teñen a obriga de coidar da conservación, recuperación e

posta en valor do patrimonio cultural, incluído o inmaterial, e deben favorecer a creación cultural, axudándolles aos artistas nos seus procesos de creación e na difusión dos seus traballos, atendendo ás potencialidades do sector cultural como creador de riqueza.

3.- O programa inclúe actividades dentro de cada unha das dimensións da política cultural e ten como principais obxectivos:

* A difusión cultural.
* A creación e industria cultural.
* A posta en valor do patrimonio.

4.- Que as deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción da cultura e equipamentos culturais; ademais, é competencia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social.

5.- Que, neste contexto, a Deputación da Coruña é consciente da importancia do *Programa de actividades culturais 2014* proposto polo Concello da Coruña e, por isto, no Orzamento aprobado polo Pleno da Corporación, foi incluída unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

6.- Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña (CF:P1503000J) para financiar o ***Programa de actividades culturais 2014***, cos seguintes proxectos:

A. V Edición da Mostra de Cine Periférico

A Mostra é un festival dirixido á divulgación das novas tendencias internacionais e do patrimonio da creación audiovisual en formato súper 8.

Neste ano o país convidado é Xapón e as actividades realizaranse na Fundación Novacaixagalicia, Fundación Luís Seoane, Teatro Rosalía Castro e espazos públicos da cidade.

B. Artes visuais

XVII Edición de Viñetas dende o Atlántico

Este festival vense celebrando anualmente no mes de agosto dende o ano 1998; reúne un amplísimo conxunto de exposicións, artistas invitados, charlas e conferencias que ofrecen unha ampla visión do mundo do cómic a nivel internacional.

Estas actividades compleméntanse coa feira de libreiros e editores, presentación de novidades e actividades lúdicas.

Programación expositiva do Kiosko Alfonso e a Sala de Exposicións de Palexco

A Coruña Arte recolle o conxunto de iniciativas de promoción e difusión cultural no ámbito das artes audiovisuais, cun especial protagonismo dos novos creadores e as programacións en espazos non convencionais.

* Exposición “Rumores-conversacións: razóns para a escultura contemporánea”

C. Coruña literaria

Poetas di(n)versos

Ciclo coordinado por Yolanda Castaño que ten o obxectivo de achegar a poesía ao público en xeral.

Ten a súa sede no Centro Sociocultural Agora.

Libros en directo

Ciclo de encontros con autores de prestixio, no que se presentan as novidades editoriais máis importantes e permítenlles aos lectores conversar cos seus autores favoritos.

CoruñaMaiúscula 2014

Festival dedicado á celebración da palabra (lida, escrita, electrónica, en movemento). Neste ano ten como eixo temático a viaxe.

CoruñaMaiúscula configúrase como un encontro literario complementado por un programa paralelo de actividades de artes escénicas, audiovisuais e expositivas.

D. Ciencia e Cultura

* Obradoiros de arqueoloxía experimental

* Obradoiro de arte.

* Obradoiro de fogo.

* Obradoiro de talla

* Puro Swing.

* Foley mutante.

* Merendas no Acuario.

E. Comunicación e outros eventos culturais

Actuacións que pola súa singularidade non encaixan en ningún outro ámbito de actuación e aquelas que teñen un carácter transversal, entre as que destacan as actividades de difusión das programacións culturais, de creación de públicos e de fomento do consumo cultural.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello da Coruña.
O Concello da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

A. V Edición da Mostra de Cine Periférico		
PROGRAMACIÓN		
Produción e secretaría técnica	4000	
Honorarios artísticos e dereitos de exhibición	3000	
Tradución e subtitulado	1000	
Servizos técnicos	3000	
	SUBTOTAL:	11000
COMUNICACIÓN		
Prensa e publicidade	1500	
Imaxe e deseño web	1500	
	SUBTOTAL:	3000
OUTROS CONCEPTOS		
Acondicionamento de sedes	1000	
Viaxes, aloxamento e manutención	3000	
	SUBTOTAL:	4000
	Total A	***18000***
B. Artes visuais		
XVII Edición de Viñetas dende o Atlántico		
EXPOSICIÓNS		
Comisariado	17500	
Seguridade	12000	
Transporte	10000	
Montaxe e ambientación	18000	
	SUBTOTAL:	57500
MATERIAL IMPRESO		
Catálogo	4000	
Carteis, folletos e invitacións	2000	
	SUBTOTAL:	6000
MESAS REDONDAS, CURSOS		
Conferencias e cursos	17500	
	SUBTOTAL:	17500
DIFUSIÓN		
Fotógrafo	2000	
Periodistas	3000	
Bandeirolas	2000	
Páxina web	5500	
	SUBTOTAL:	12500
AUTORES INVITADOS		
Viaxes	4000	
Aloxamento	6000	
Transporte local	1000	
Manutención	2000	
	SUBTOTAL:	13000

FEIRA DO CÓMIC		
Aluguer e instalación de casetas	15000	
Outros	2500	
	SUBTOTAL:	17500
OUTROS CONCEPTOS		
Instalación de esculturas	6000	
Cartel	3000	
Outros conceptos	7000	
	SUBTOTAL:	16000
	Total	***140000***
Programación expositiva		
PROGRAMACIÓN EXPOSITIVA		
Comisariado	9000	
Dereitos de imaxe	5000	
Fotografía e edición	2000	
Publicidade	2500	
Montaxe e subministracións	6500	
Transporte	4200	
Aloxamento e manutención	1000	
Catálogo e edición	5600	
Seguros	1200	
	Total	***37000***
	Total B	***177000***
C. Coruña Literaria		
Poetas di(n)versos		
Comisariado	4000	
Honorarios dos participantes	9000	
Traslados	3000	
Aloxamento	1500	
Comunicación	2500	
	Total	***20000***
Libros en directo		
Comisariado	2500	
Honorarios participantes	6000	
Desprazamentos e aloxamento	5000	
Imaxe e comunicación	2500	
	Total	***16000***
Coruña Maiúscula 2014		
Comisariado	4000	
Produción	4000	
Comunicación	3500	
Honorarios artísticos	12500	
Desprazamentos, aloxamento e manutención	6000	
	Total	***30000***
	Total C	***66000***
D. Ciencia e Cultura		
Obradoiros de arqueoloxía experimental	16000	
Obradoiros da Casa das Ciencias	6000	
Merendas no Acuario	8000	
	Total D	***30000***
E.- Comunicación e outros eventos culturais		
Comunicación	4500	
Eventos singulares	4500	
	Total E	***9000***

TOTAL GLOBAL	**300.000,00**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento das actividades, tal como se definen na cláusula primeira, cunha achega máxima de **240.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %.**

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.- No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- O Concello da Coruña comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en todas as publicacións e na publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ao Programa de actividades culturais e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.
1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello da Coruña do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable para xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.
Segundo prazo, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

*** Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

*** Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*** Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª 6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª. 6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses;

se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

2.- Despois da solicitude do Concello da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello da Coruña, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ------

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

14.- APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB CICLISTA CEE PARA O FINANCIAMENTO DA CELEBRACIÓN DA MARCHA CICLOTURISTA "A ETAPA DO FIN DO MUNDO".

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 18 de marzo de 2014.

2.- Concederlle *ao Club Ciclista de Cee* unha subvención nominativa por importe de 4,815€, para *financiar a "celebración da marcha cicloturista "A etapa do Fin do Mundo"* cun orzamento de 6.020,58 €, por considerar que concorren circunstancias de excepcional interese público que xustifican a súa consideración á marxe da convocatoria xeral de subvencións.

3.- Aprobar o convenio correspondente á devandita subvención, de acordo co texto que se achega.

4.- Subordinar a aprobación do presente acordo e do convenio á aprobación definitiva e a entrada en vigor do EMC 1/2014

5.- Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal dos gastos de conformidade co establecido no art. 176 do Texto refundido da lei de facendas locais.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Ciclista Cee para financiar a celebración da marcha cicloturista "A etapa do Fin do Mundo" celebrada no ano 2013

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Antonio González Franco, Presidente do **Club Ciclista Cee**

MANIFESTAN

Que ambas as partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a

práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Club Ciclista Cee** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Ciclista Cee**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Ciclista Cee** (CIF:G15454432) para financiar **a celebración da marcha cicloturista "A etapa do Fin do Mundo", celebrada no ano 2013**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Club Ciclista Cee** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Montaxe zona de saída-meta, podio, megafonía, comentador, cronometraxe, etc.	5.183,42 €
Aloxamento e manutención dos organizadores	190,00 €
Taxas autorización ruta	55,48 €
Licenzas	372,00 €
Inscricións	88,00 €
Pago comisións inscricións en liña	32,82 €
Gastos combustible vehículos marcha	96,86 €
Outros gastos	2,00 €
Total	***6.020,58 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **4.815 €**, o que representa unha porcentaxe do 79,98%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria

que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,98% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Club Ciclista Cee** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-
1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Club Ciclista Cee**

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas co **Club Ciclista Cee**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o **Club Ciclista Cee** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Ciclista Cee**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.
A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Ciclista Cee** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **Club Ciclista Cee**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas entre o 26 de xullo e o 31 de decembro de 2013.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o **Club Ciclista Cee** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da formalización do convenio en documento administrativo.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club Ciclista Cee** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Ciclista Cee** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Ciclista Cee**

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Club Ciclista Cee** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **Club Ciclista Cee** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Club Ciclista Cee** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Club Ciclista Cee** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Ciclista Cee** poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas

as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Ciclista Cee** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Ciclista Cee** serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Ciclista Cee** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.
1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 26 de xullo ao 31 de decembro de 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e rematará a súa vixencia **tres meses despois da súa sinatura.**

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.
1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

15.- APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE BULÍMICOS E ANORÉXICOS DA CORUÑA (ABAC) PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA DO LOCAL MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO TERAPÉUTICO PARA ENFERMOS DE ANOREXIA E BULIMIA.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 11 de marzo de 2014.

2.- Concederlle á **Asociación de Bulímicos e Anoréxicos da Coruña (ABAC)**, unha subvención nominativa por importe de 20.000,00€, para o ***financiamento do proxecto básico e de execución de obras de reforma de local municipal destinado a centro terapéutico para enfermos de anorexia e bulimia***, cun orzamento de 120.481,30€, por considerar que concorren circunstancias de excepcional interese público que xustifican a súa consideración á marxe da convocatoria xeral de subvencións.

3.- Aprobar o convenio correspondente á devandita subvención, de acordo co texto que se achega.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASOCIACIÓN DE BULIMIA E ANOREXIA DA CORUÑA ABAC PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE REFORMA DE LOCAL MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO TERAPÉUTICO PARA ENFERMOS DE ANOREXIA E BULIMIA

Na Coruña o

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Dª. Marina Tallón Garrido, presidenta da ENTIDADE **ASOCIACIÓN DE BULIMIA E ANOREXIA DA CORUÑA ABAC**

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Que conforme a Lei 7/85 de bases de réxime local, art. 36,e) e arts. 109 a 119 da Lei 5/97, de Admón. local de Galicia, é competencia propia da Deputación o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen actividades que respondan a dita competencia.

Sendo así que esta Deputación ten o obxectivo de participar no sostemento e expansión do sistema público de servizos sociais, do que forma parte a iniciativa privada sen ánimo de lucro, e que a entidade ABAC, leva a cabo un servizo especializado referido ao ámbito do tratamento ás persoas con problemas relacionados con trastornos da conduta alimentaria, que é de interese para a provincia, e dados os intereses coincidentes da Deputación e da entidade ABAC ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN DE BULIMIA E ANOREXIA DA CORUÑA ABAC** (CIF G-15582695), para o cofinanciamento das **OBRAS DE REFORMA DE LOCAL MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO TERAPÉUTICO PARA ENFERMOS DE ANOREXIA E BULIMIA,** tal como aparecen definidas estas no Proxecto básico e de execución, redactado polos arquitectos Belén López Encinas e Francisco Borreguero Villanueva, colexiados nº 2940 e 2408 respectivamente, que foi visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con data do 08/02/2011.

2- A **ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polos/as seus redactores/as ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo,* unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a **ENTIDADE BENEFICIARIA**, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, baseado no proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagrégase co seguinte detalle:

P.E.M: **88.116,21**

GASTOS XERAIS: **11.455,11**

BASE IMPOÑIBLE: **99.551,32**

IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO: **20.909,98**

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: **120.481,30 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 20.000 €, o que representa unha porcentaxe de **16,60%**. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **16,60%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0701/231E-781**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. Na condición de promotor, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Con carácter previo á contratación, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos (dípticos, carteis, notas de prensa…), radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet (na súa páxina web...) etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. A entidade xustificará que tomara acordo de incluír na súa memoria anual a axuda da Deputación e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN.

1. A achega da Deputación seralle aboada á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA e da afectación do inmoble á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula NOVENA.

2. Unha vez rematadas as obras, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se

teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á **ENTIDADE BENEFICIARIA** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a **ENTIDADE BENEFICIARIA** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **ENTIDADE BENEFICIARIA** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das dita obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos

datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de febreiro de 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xuño de 2014.**

2. Para o caso de que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 30 de abril de 2014, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá concederlle a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos

informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.:DIEGO CALVO POUSO

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN DE BULIMIA E ANOREXIA DE A CORUÑA ABAC

Asdo: MARINA TALLÓN GARRIDO

16.- APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA "QUEDAMOS EN CARBALLO".

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 20 de marzo de 2014.

2.- APROBAR o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e o CONCELLO DE CARBALLO PARA FINANCIAR o proxecto de dinamización económica denominado "Quedamos en Carballo" cunha achega provincial de 95.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0510/431A/46201, que representa un coeficiente de financiamento do 80 % sobre un orzamento de 118.750,00 euros.

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CARBALLO para financiar o proxecto de dinamización económica "Quedamos en Carballo"

Na Coruña o

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, Don Evencio Ferrero Rodríguez, en representación do CONCELLO DE CARBALLO

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE CARBALLO, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE CARBALLO**, **CIF P1501900C**, para financiar o proxecto de dinamización económica "*Quedamos en Carballo*".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE CARBALLO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Marca, desenvolvemento da marca e edición de materiais de difusión	10.000,00 €
Programas de intervención urbana con artistas	30.000,00 €
Desenvolvemento accións de dinamización da hostalería e comercio programadas	41.500,00 €
Formación	9.000,00 €
Asistencia para actividades de ocio e tempo libre	10.000,00 €
Asistencia elaboración de contidos para as web e redes sociais	18.250,00 €
TOTAL	**118.750,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 95.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/431A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CARBALLO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE CARBALLO o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CARBALLO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE CARBALLO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CARBALLO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2014, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE CARBALLO, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4.- O CONCELLO DE CARBALLO estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CARBALLO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CARBALLO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CARBALLO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán lugar entre o 1 de xaneiro ata o 30 de setembro de 2014 e deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CARBALLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CARBALLO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CARBALLO da sanción que, de

conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CARBALLO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE CARBALLO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CARBALLO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das dita obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE CARBALLO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CARBALLO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de toda as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CARBALLO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CARBALLO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CARBALLO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2014 e conservará a súa vixencia ata o día **30 de decembro do ano 2014**.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE CARBALLO non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de novembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá concederlle a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CARBALLO perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CARBALLO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de__

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE DE CARBALLO

DIEGO CALVO POUSO EVENCIO FERRERO RODRÍGUEZ

17.- APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO TODOTERREO.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 17 de marzo de 2014.

2.- APROBAR o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e a AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO TODOTERREO cunha achega provincial de 30.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/134A/781 que representa un coeficiente de financiamento do 59,89 % sobre un orzamento de 50.094,00 euros.

3.- Condicionar a formalización do convenio indicado á incorporación do remanente de 2013 ao orzamento de 2014.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO TODOTERREO PARA TAREFAS PROPIAS DO TRABALLO DE PROTECCIÓN CIVIL.

Na Coruña

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. José Antonio González del Oso, Presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Muxía

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Muxía ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Muxía, con CIF: G-15.416.456, para o financiamento da adquisición dun vehículo todoterreo

II.- ORZAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO OU BEN

Segundo o presuposto que achega a **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA**, o orzamento máximo para a adquisición do equipamento ou ben ascende a 50.094,00 EUROS.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 30.000 €, o que representa unha porcentaxe de 59,89%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade..

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 59,89% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro desta.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben ou equipamento e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de transporte, nin os posibles honorarios derivados de informes periciais de valoración ou de carácter notarial ou rexistral.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/134A/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas o entidades vinculadas á **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe da adquisición **supera os 18.000 euros**, con carácter previo á contratación, A **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Nos acordos que se tomen para a adquisición do ben ou equipamento farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben ou equipamento, a **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** deberá colocar un cartel no Taboleiro de anuncios do local social ou en calquera outro lugar visible no que figure o anagrama provincial e no que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada á **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.
- Copia do contrato formalizado, do albará de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que esta foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do

ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de cinco anos.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- **A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.2 de publicidade.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben ou equipamento que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. **A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. **A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das e de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do ben ou equipamento ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o día 11 de novembro de 2014 e terá efecto retroactivo dende o 1 de novembro do 2013

2.Para o caso de que a **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA** non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá concederlle a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten NATUREZA administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ núm._____de data_____de 201_

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Diego Calvo Pouso Asdo.:

18.- APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DO PINO PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE DÚAS PARCELAS PARA CONSTRUCIÓN DUN CENTRO SOCIOCULTURAL.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 18 de marzo de 2014.

2.- APROBAR o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e o CONCELLO DO PINO PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE DÚAS PARCELAS cunha achega provincial de 95.718,99 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/169A/762.01, que representa un coeficiente de financiamento do 80 % sobre un orzamento de 119.648,74 euros.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DO PINO PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE DÚAS PARCELAS PARA CONSTRUCIÓN DUN CENTRO SOCIOCULTURAL

Na Coruña o ___ de _____de do dous mil catorce

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte D. Manuel Taboada Vigo Alcalde-Presidente do Concello do Pino

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DO PINO ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello do Pino (P-1506700B) para o financiamento da adquisición do ben inmoble que se describe de seguido:

DENOMINACIÓN DAS PARCELAS:_____LG. de VILARREL
SITUACIÓN _____15821 O PINO

REFERENCIAS
CATASTRAIS:_____15067A508010960001WA

_____15067A508010950001WW

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou o CONCELLO DO PINO, o orzamento máximo para a adquisición ascende a **119.648,74 EUROS**.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **95.718,99 €** o que representa unha porcentaxe do **80%** A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando o CONCELLO DO PINO que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro desta.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmoble e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/169A/762.01 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONCELLO DO PINO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO DO PINO o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á CONCELLO DO PINO, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe da adquisición supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, O CONCELLO DO PINO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmoble, farase constar o importe do financiamento provincial

2. Adquirido o ben, O CONCELLO DO PINO deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade disposta no disposto na **base 57º das de execución do orzamento para o ano 2014**, ata **o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DO PINO pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmoble, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
  - Descrición física e xurídica do ben.
  - Identificación do titular ou titulares coa cota que lles corresponda a cada un deles
  - Valoración pericial.
  - Aceptación dos propietarios do valor que se lles asigne
  - Determinación da data para formalizar escritura pública.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2.- Adquirido o ben, procederase ao aboamento do **60 por cento** restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Copia da escritura pública de adquisición.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DO PINO, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumprir a cláusula V.-2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable (40%).
- Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO DO PINO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DO PINO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a CONCELLO DO PINO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONCELLO DO PINO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DO PINO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. **O CONCELLO** DO PINO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DO PINO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DO PINO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DO PINO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das e de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do inmoble ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite do 75,00% se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DO PINO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DO PINO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade na dita data e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro do presente ano**
2.Para o caso de que a **CONCELLO DO PINO** non poida ter adquiridas as parcelas e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá concederlle a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a **CONCELLO DO PINO** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten NATUREZA administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da CONCELLO DO PINO, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia numero_____ do_____de_____ de dous mil _____
E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE_____
Asdo.: DIEGO CALVO POUSO	Asdo.:

19.- APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VILASANTAR PARA O FINANCIAMENTO DA INSTALACIÓN DE DEPÓSITO E TRAMO DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA EN SAN VICENZO.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 21 de marzo de 2014.

2.- **APROBAR** a modificación do obxecto do Convenio de Colaboración co Concello de VILASANTAR con CIF P1509100B, para financiar as obras incluídas no proxecto de REDE DE ABASTECEMENTO DE AUGA EN SAN VICENZO DE CURTIS para pasar a financiar **a INSTALACIÓN DE DEPOSITO E TRAMO DA REDE DE DISTRIBUCIÓN EN SAN VICENZO**, cunha achega de 159.999,99 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 100 % sobre un orzamento subvencionable de 159.999,99 euros,) que poderá aboarse con cargo á aplicación 0112/161A/762.01

3.- Condicionar a formalización do convenio á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 1/2014 dentro do cal figura incluída a presente subvención.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE **VILASANTAR** PARA A FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE DEPOSITO E TRAMO DA REDE DE DISTRUBICIÓN EN SAN VICENZO

Na Coruña, o na sede da DEPUTACIÓN Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de VILASANTAR, D.Fernando Pérez Fernández

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de VILASANTAR ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de VILASANTAR con CIF P-1509200J para o financiamento da obra INSTALACIÓN DE DEPOSITO E TRAMO DA REDE DE DISTRIBUCIÓN EN SAN VICENZO tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños D. Manuel Barredo Pérez, núm. Colex 20.522

2- O Concello de VILASANTAR, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de VILASANTAR, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, especifícase co seguinte detalle:

P. E.M:	**111.118,82 €**
GASTOS XERAIS	**14.445,45 €**
BENEFICIO INDUSTRIAL	**6.667,13 €**
IVE (21%)	**27.768,59 €**
TOTAL	**159.999,99 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **159.999,99 euros** o que representa unha porcentaxe de **100 %.**

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **100,00 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro desta.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/161A/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de VILASANTAR de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .
1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de VILASANTAR o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o Concello de VILASANTAR axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que o Concello de VILASANTAR tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.
1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de VILASANTAR estará obrigado a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.
1º Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2014, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de VILASANTAR pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren pólo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de *replanteo* da obra**, asinada polo director desta, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación

- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2º Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de VILASANTAR, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3º O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de VILASANTAR** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello de VILASANTAR** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de VILASANTAR deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que

se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de VILASANTAR para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de VILASANTAR da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de **VILASANTAR** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de VILASANTAR destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de VILASANTAR poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de VILASANTAR queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación** e **non excede dun mes**, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.
5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación desta serán remitidas á Intervención Xeral do Estado,
para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de VILASANTAR será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá efectos retroactivos dende o **1 de abril de 2014** e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2014.**
2. Para o caso de que o Concello de VILASANTAR non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá concederlle a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Nesta data, o convenio

quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de VILASANTAR perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten NATUREZA administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de VILASANTAR, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILASANTAR
Asdo.: DIEGO CALVO POUSO	ASDO.: .FERNANDO PÉREZ FERNÁNDEZ

20.- APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE ESTUDO E AFORRO ENERXÉTICO NO MARCO DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL DA COSTA BERGANTIÑÁ.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 21 de marzo de 2014.

2.-Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para financiar o proxecto denominado "Estudo de aforro enerxético no marco da comunidade intermunicipal Costa Bergantiñá", cunha achega provincial de 58.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0510/425C/46201, que representa un coeficiente de financiamento do 100 % sobre un orzamento de 58.000,00 euros.

3.-Condicionar a formalización do convenio á aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito 1/2014, dentro do cal figura incluído o presente convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO "ESTUDO DE AFORRO ENERXÉTICO NO MARCO DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL COSTA BERGANTIÑÁ"

Na Coruña o

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, Don José Muiño Domínguez, en representación do CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS**, **CIF P1501400D**, para financiar o proxecto "*Estudo de aforro enerxético no marco da Comunidade Intermunicipal Costa Bergantiñá*".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
TOMA DE DATOS	**17.133,90 €**
Inventario das instalacións	
Campaña de medida	
INFORME DE AUDITORÍA	**20.460,00 €**
Descrición das instalacións	
Indicadores e contabilidade enerxética	
Medidas de aforro enerxético	
PLAN ENERXÉTICO MUNICIPAL	**3.080,00 €**
DOCUMENTACIÓN E PRESENTACIÓN	**7.260,00 €**
Inventario	
Informe de Auditoría	
Plan enerxético municipal	
Presentación de resultados	
TOTAL ORZAMENTO (IVE non incluído)	**47.933,90 €**
TOTAL ORZAMENTO (IVE incluído)	**58.000,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 58.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro desta.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/425C/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegándoo cos informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2014, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4.- O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial desenvolveranse, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, e deberán estar rematadas antes do

vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional

de subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa formalización e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do ano 2014**

2. Para o caso de que o CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de xullo de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá concederlle a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial na sesión celebrada o de 2014.
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE DE CABANA DE BERGANTIÑOS

DIEGO CALVO POUSO JOSÉ MUIÑO DOMÍNGUEZ

21.-APROBACIÓN DO TEXTO DEFINITIVO DO "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO (REPRESENTADA POLO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E O MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE), A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, O CONCELLO DA CORUÑA E A FUNDACIÓN EMALCSA PARA A CREACIÓN DA COMISIÓN INTERADMINISTRATIVA DO EVENTO "120 ANOS DA PRIMEIRA EXPOSICIÓN DE PICASSO. A CORUÑA, FEBREIRO-MAIO DE 2015".

1.- Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado (representada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte) a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña e a Fundación Emalcsa, para a creación da Comisión Interadministrativa do evento "120 anos da primeira exposición de Picasso. A Coruña, febreiro-maio de 2015".

2.- Designar como vogal na Comisión Interadministrativa do evento "120 anos da primeira exposición de Picasso. A Coruña, febreiro-maio de 2015", en representación da Deputación Provincial da Coruña ao presidente da Corporación ou persoa en quen delegue.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO, REPRESENTADA POLO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E O MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE, A DEPUTACIÓN DA CORUÑA, O CONCELLO DA CORUÑA E A FUNDACIÓN EMALCSA PARA A CREACIÓN DA COMISIÓN INTERADMINISTRATIVA DO EVENTO "120 ANOS DA PRIMEIRA EXPOSICIÓN DE PICASSO. A Coruña, FEBREIRO-MAIO DE 2015".

En…….. o……

REUNIDOS

Dunha parte, Dª Pilar Platero Sanz, Subsecretaria de Facenda e Administracións Públicas, en representación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por delegación do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co disposto na Orde HAP/1335/2012, do 14 de xuño, de delegación de competencias.

Doutra parte, D. José María Lasalle Ruiz, Secretario de Estado de Cultura do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, en representación do citado departamento, por delegación do ministro de Educación, Cultura e Deporte, de conformidade co disposto na Orde ECD/465/2012, do 2 de marzo, de delegación de competencias, que o habilita para a sinatura do presente convenio e no artigo 13.3 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado.

Doutra parte, D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña, en virtude de nomeamento por……., de...de…, en representación da Deputación da Coruña.

D. Carlos Negreira Souto, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello da Coruña, quen actúa de conformidade co disposto nos artigos 21 e 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, como representante legal deste e en exercicio das atribucións que lle confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e disposicións concordantes, así como Presidente da Fundación EMALCSA, actuando nesta condición en virtude do acordo adoptado polo Padroado da Fundación do día 3 de febreiro de 2014, estando facultado polo artigo 18 dos Estatutos da fundación para desempeñar a representación da fundación perante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas, podendo para iso realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para executar os acordos desta.

Todos se recoñecen, na representación que desempeñan, capacidade para formalizar o presente convenio, e para ese efecto conveñen na necesidade de subscribir o presente convenio de colaboración co obxecto de crear un órgano interadministrativo que desenvolva as funcións necesarias para dar cumprimento ao previsto na disposición adicional quincuaxésima oitava da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, que outorga a “120 anos da Primeira Exposición de Picasso. A Coruña, febreiro-maio de 2015” a consideración de acontecemento de excepcional interese público, para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

EXPOÑEN

I. Que o artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, sinala que a lei que aprobe os programas de apoio a acontecementos de excepcional interese público regulará a creación dun consorcio ou a designación dun órgano interadministrativo que se encargue da execución do programa e que certifique a adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans deste, no que necesariamente estarán representadas as Administracións públicas interesadas no acontecemento e, en todo caso, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sendo necesario o voto favorable da representación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a emisión das citadas certificacións.

II. Que a disposición adicional quincuaxésima oitava da Lei 22/2013, do 23 de decembro, outorga a consideración de acontecemento de excepcional interese público á celebración “120 anos da Primeira Exposición de Picasso. A Coruña, febreiro-maio de 2015” para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

III. Que o apartado tres da devandita disposición adicional sinala que a “certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase en conformidade co disposto na citada Lei 49/2002”, engadindo no apartado catro daquela que “o desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades especificas realizarao o órgano competente en conformidade ao disposto na citada Lei 49/2002”.

IV. O apartado cinco da mencionada disposición adicional, á súa vez, dispón que os beneficios fiscais deste programa serán os máximos dispostos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

V. Finalmente, a citada disposición adicional establece que a duración do programa de apoio a este acontecemento abarcará desde o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2015.

Polo exposto, as partes subscriben o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a creación dunha Comisión Interadministrativa para executar o programa de apoio ao acontecemento de excepcional interese público «120 anos da Primeira Exposición de Picasso. A Coruña, febreiro-maio de 2015» en cumprimento do disposto na disposición adicional quincuaxésima oitava da citada Lei 22/2013, que será o órgano encargado de desenvolver e concretar os plans e programas de actividades específicas de apoio ao devandito acontecemento e, en particular, de certificar a adecuación dos gastos realizados aos obxectivos do programa.
Para a emisión das devanditas certificacións será necesario o voto favorable do representante do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Segunda. Réxime xurídico e sede

O funcionamento da Comisión Interadministrativa rexerase polo presente convenio e polas demais disposicións legais e regulamentarias que lle sexan de aplicación.

Os acordos adoptaranse por maioría simple dos membros asistentes e no non previsto neste convenio, será de aplicación o réxime establecido no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nas demais disposicións legais e regulamentarias que lle sexan de aplicación.

A aplicación dos beneficios fiscais rexerase, en particular, pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, e o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e de incentivos fiscais ao mecenado, aprobado por Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro.

A sede da Comisión Interadministrativa será a da Fundación Emalcsa: r/ Manuel Murguía s/n (edif. Casa da auga, 7ª planta), 15011 A Coruña.

Terceira. Composición

Formarán parte da Comisión Interadministrativa:

a) O presidente da Comisión, que será o alcalde-presidente do Concello da Coruña.

b) Un vogal en representación da Deputación da Coruña, nomeado polo presidente da Deputación.
c) Un vogal en representación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, nomeado pola súa subsecretaria.
d) Un vogal en representación do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, nomeado polo seu subsecretario.
e) Un vogal en representación do Concello da Coruña, nomeado polo alcalde.
f) O director xerente da Fundación Emalcsa.
g) O secretario da Comisión Interadministrativa, con voz pero sen voto, será o secretario xeral do Pleno do Concello da Coruña, que poderá ser substituído temporalmente en casos de vacante, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa xustificada, por un funcionario do Concello designado polo propio secretario.

O órgano competente para designar os vogais tamén poderá designar os suplentes, que os substituirán en casos de vacante, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa xustificada. Os suplentes poderanse designar por tempo indefinido ou para unha sesión determinada.

Poderá asistir ás reunións da comisión calquera persoa que o presidente estime oportuno en función da orde do día que se vaia tratar. Os ditos asistentes terán voz, pero non voto.
Os membros da Comisión Interadministrativa actúan por razón do cargo orixinario, non podendo percibir remuneración ningunha en concepto de axudas de custo por asistencia ás reunións da comisión, excepto a indemnización e reembolso dos gastos de desprazamento debidamente xustificados.

A integración doutras administracións públicas ou doutras entidades na Comisión Interadministrativa requirirá o voto favorable de todas as entidades que integran a dita comisión e a subscrición do correspondente convenio, cos trámites que lle sexan de aplicación.

Cuarta. Competencias do presidente:

O presidente terá as seguintes competencias:

a) Ordenar a convocatoria das sesións e fixar a orde do día.
b) Presidir as sesións, dirixir as deliberacións e decidir con voto de calidade as votacións en caso de empate.
c) Velar polo cumprimento dos acordos adoptados e das normas legais aplicables aos actos da comisión.
d) Formular iniciativas e propostas á comisión.
e) Visar as actas das reunións e as certificacións que a comisión teña que expedir, en especial aquelas que constitúen o seu obxectivo esencial.

Quinta. Funcións.

A Comisión terá as seguintes funcións:

a) A aprobación dos plans e programas de actividades específicas que poden dar lugar á aplicación dos beneficios fiscais previstos na disposición

adicional quincuaxésima oitava da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014 e do correspondente manual de aplicación destes, así como das modificacións que deste se realicen.

b) A aprobación dos modelos de solicitude de certificación de adecuación dos gastos realizados aos obxectivos do programa de apoio ao acontecemento, e a emisión das correspondentes certificacións para as que será necesario o voto favorable do representante do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co disposto no artigo 27.2 da Lei 49/2002.

c) Aprobación do logotipo do acontecemento e o seu manual de uso e aplicación para o seu emprego con finalidade publicitaria, gráfico e/ou mixto que identifiquen ao acontecemento de excepcional interese público.

Sexta. Procedemento para a obtención de certificacións

a) O prazo para a presentación das solicitudes de expedición de certificacións terminará 15 días despois da finalización do acontecemento.

b) Os doantes poderán solicitar certificacións anuais correspondentes á doazón efectuada e gastos de publicidade realizados.

c) Ás solicitudes deberá achegarse a documentación que a continuación se relaciona, necesaria para acreditar ante a Comisión Interadministrativa os datos mínimos que deben constar nas certificacións expedidas polo devandito órgano:

- Fotocopia compulsada do DNI e do número de identificación fiscal se se trata de persoas físicas. As sociedades mercantís deberán presentar orixinal ou fotocopia compulsada dos seguintes documentos: escritura de constitución, estatutos, inscrición no Rexistro Mercantil e número de identificación fiscal. No caso de asociacións ou fundacións, orixinal ou fotocopia compulsada dos seus estatutos, número de identificación fiscal e certificado de inscrición no rexistro correspondente.
- Declaración do domicilio fiscal realizada polo asinante da solicitude.
- Copia cotexada do poder do solicitante coa acreditación da súa inscrición no Rexistro Mercantil. No caso de que o solicitante actúe por medio de representante deberá acreditarse a dita representación por calquera medio suficiente en Dereito, de acordo co disposto no artigo 32 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
- Memoria descritiva das características e finalidade do gasto realizado ou da actividade que se proxecta e a súa relación directa coa celebración do Acontecemento de Excepcional Interese Público "120 anos da Primeira Exposición de Picasso. A Coruña, febreiro-maio de 2015" expresando en que suposto dos contemplados nos obxectivos e plans do programa establecido pola Comisión Interadministrativa se enmarca.
- Acreditación do gasto en publicidade, realizado ou por realizar, mediante relación de facturas satisfeitas. Tamén será válida a acreditación mediante certificación expedida pola/s empresa/s que realizaron o servizo, así como a declaración do solicitante na que se detalle o importe total dos gastos publicitarios.
- Acreditación, no seu caso, do contrato subscrito ou orzamento da actividade con expresión da forma e prazos para a súa realización.

- Acreditación do carácter esencial dos gastos de publicidade mediante a indicación do tamaño e duración do logotipo inserido nos diferentes soportes publicitarios.
- Acreditación, no seu caso, do custo de produción das etiquetas no suposto de inserción do logotipo en elementos separables do envase ou, do custo dos traballos de serigrafía se o logotipo se insire no propio envase.
- Acreditación, no seu caso, do custo de edición, produción e distribución de folletos e catálogos.
- Acreditación da achega para a promoción, divulgación, apoio e mecenado á celebración do acontecemento de excepcional interese público "120 anos da Primeira Exposición de Picasso. A Coruña, febreiro-maio de 2015" de acordo co contrato asinado, considerando que as cantidades percibidas o son en concepto de doazóns irrevogables, puras e simples, para os efectos do cálculo do límite da dedución.
- Calquera outra documentación que se considere necesaria para a xustificación do beneficio fiscal aplicable.
- Presentarase ademais un soporte informático no que se poida visualizar a campaña publicitaria levada a cabo.

d) En caso de insuficiencia da documentación presentada, a Comisión Interadministrativa poderá requirirlle ao interesado para que emende a súa falta no prazo de 10 días e acompañe os documentos preceptivos. Transcorrido o devandito prazo sen atender o requirimento ou sen emendar debidamente os defectos advertidos teráselle por desistido na súa petición, notificándolle tal circunstancia.
e) Se algunha solicitude carece manifestamente de fundamento, arquivarase esta, notificándolle o arquivo ao interesado.
f) O prazo máximo en que deben notificarse as certificacións por parte da comisión será de dous meses desde a data en que a correspondente solicitude teña entrada no rexistro da comisión. O cómputo do devandito prazo suspenderase cando se lle requira ao interesado que complete a documentación presentada, polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e a presentación da documentación requirida.
g) A resolución será emitida pola Comisión Interadministrativa, sendo necesario para a súa estimación o voto favorable do representante do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
h) Transcorrido o prazo máximo en que a comisión debe notificar sen que o interesado houbera recibido requirimento ou notificación administrativa acerca da súa solicitude, entenderase cumprido o requisito da certificación, podendo o interesado solicitar da Administración Tributaria o recoñecemento previo do beneficio fiscal achegando unha copia selada da solicitude.

Sétima. Recursos económicos

A Fundación Emalcsa, directamente, en tanto que entidade encargada da organización da Conmemoración de "120 anos da Primeira Exposición de Picasso. A Coruña, febreiro-maio de 2015", así como da execución do programa de actuacións e actividades, asumirá o financiamento dos gastos e as eventuais perdas que, da súa liquidación, no seu caso, poidan derivarse das actuacións realizadas pola Comisión Interadministrativa, sen que lle corresponda obrigación económica ningunha á Facenda Pública Estatal. Neste sentido, a Facenda Pública Estatal, A Administración

Xeral do Estado e a Deputación da Coruña non asumen nin asumirán obrigación económica ningunha que derive das actuacións realizadas pola Comisión Interadministrativa ou do seu funcionamento fronte a esta ou respecto de terceiros.

Oitava. Financiamento do evento.

O financiamento da programación oficial do evento corresponderalle integramente á Fundación Emalcsa, xa sexa a través dos seus orzamentos, xa sexa por achegas, por subvencións, por doazóns, ou por outros ingresos de carácter privado.

A Fundación Emalcsa, directamente, será a entidade encargada de ordenar e captar cantos recursos económicos sexan precisos para o financiamento das actividades e programas propios do acontecemento e, no seu caso, para o apoio dos cualificados como de interese para o acontecemento.

As outras administracións que forman parte da Comisión Interadministrativa, poderán colaborar coa Fundación Emalcsa no financiamento do acontecemento.

Os recursos económicos aplicaranse á execución dos plans e programas aprobados pola Comisión Interadministrativa, cuxa execución será levada a cabo pola Fundación Emalcsa directamente ou a través de terceiros.

Novena. Vixencia

O presente Convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a aprobación das operacións de liquidación das actuacións relacionadas coa celebración de 120 "anos da Primeira Exposición de Picasso. A Coruña, febreiro-maio de 2015" e en todo caso antes do 31 de decembro de 2016.

Para iso, a Comisión Interadministrativa aprobará por unanimidade a proposta de liquidación, que será presentada polo secretario da Comisión.

Unha vez aprobadas as operacións de liquidación, a Comisión Interadministrativa aprobará por unanimidade a súa disolución, que deberá ser ratificada polas entidades que a integren.

A Comisión non se poderá disolver ata que non cumpra con todas as obrigacións que lle impón a Lei 49/2002, do 23 de decembro, e o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, aprobado polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro.

Décima. Logos.

Nas actuacións realizadas nas que leve a cabo publicidade do acontecemento, figurarán os logotipos das entidades participantes na comisión en igualdade de condicións.

Undécima. Xurisdición competente

O presente convenio ten natureza administrativa. As controversias que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que poidan derivarse do presente convenio resolveranse entre as partes.

Conforme o artigo 14.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, as cuestións litixiosas en relación cos actos da Comisión Interadministrativa serán competencia da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

22.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2014, PRIMEIRA FASE.

1.- Aprobar o Plan de sendas peonís 2014, primeira fase, integrado pola obra que se relaciona a continuación, con indicación da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	GRUPO - DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
2014.1170.0001.0	Complementario nº 1 mellora da seguridade viaria na EP 4604, PK 0+670 ao PK 1+140 (Melide)	23.473,00
	TOTAL	**23.473,00**

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/454B/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2014.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se emita ningún informe."

23.-APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTO DE VÍAS PROVINCIAIS 2014, SEGUNDA FASE.

1.- Aprobar o Plan de investimento de vías provinciais 2014, segunda fase, integrado polas obras que se relacionan a continuación, con indicación das súas denominacións e presupostos:

CÓDIGO	GRUPO - DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS) (0410/453A/60900)	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/453A/600)
2014.1110.0003.0	Mellora da intersección na D.P.3612 Aneiros-Cabana (PK1+150) Ferrol	113.326,20	9.787,75
2014.1110.0004.0	Ampliación e mellora da DP 1402 Ponteceso a Pedra polo bosque PK 0+000 ao PK 4+280 (Cabana de Bergantiños)	817.573, 49	101.005,10
	TOTAL	**930.899,69**	**110.792,85**

Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras.

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/453A/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2014.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se emita ningún informe."

24.-APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO REFORMADO "TRAVESÍA E SEGURIDADE VIARIA NA EP 4803 MIÑO A PONTEDEUME DO PK 3+800 AO 7+100 E DO 10+250 AO 10+750 (1ª FASE DO PK 3+800 AO 7+100 PONTEDEUME E MIÑO)", INCLUÍDA NO PLAN DE TRAVESÍAS 2006, 1ª RELACIÓN DA 1ª FASE. CÓDIGO 2006.1130.0001.0.

1.- Aprobar inicialmente o proxecto reformado "Travesía e seguridade viaria na EP 4803 Miño a Pontedeume do PK 3+800 ao 7+100 e do 10+250 ao 10+750 (1ª fase do PK 3+800 ao 7+100 Pontedeume e Miño)", código da obra 2006.1130.0001.0, polo seu presuposto de contrata de 1.203.312,71 euros, que non representa incremento respecto ao primitivo, incluído no Plan de travesías 2006, primeira fase, primeira relación.

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera, polo tanto, ningún compromiso económico nin de execución para a deputación ata que se aprobe definitivamente o plan ou a súa correspondente fase.

2.- Remitir o presente acordo xunto co citado proxecto aos Concellos de Miño e Pontedeume para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2004-2007, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 30-04-2004 (BOP 104 / 08-05-2004)."

25.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE "TRACTOR AGRÍCOLA CON ROZADOIRA LATERAL E PA CARGADORA DIANTEIRA".

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ames para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Ames
DENOMINACIÓN DA OBRA	Tractor agrícola con rozadoira lateral e pa cargadora dianteira
PRESUPOSTO DO PROXECTO	98.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	78.400,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	19.600,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/453D/76201

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DE "TRACTOR AGRÍCOLA CON ROZADOIRA LATERAL E PA CARGADORA DIANTEIRA"

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte o alcalde-presidente do Concello de Ames, Santiago V. Amor Barreiro.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ames ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ames, para o financiamento da adquisición de **"TRACTOR AGRÍCOLA CON ROZADOIRA LATERAL E PA CARGADORA DIANTEIRA",** tal como aparece definida esta no Prego de prescricións técnicas subscrito pola arquitecta técnica municipal MARÍA GAMUNDÍ FERNÁNDEZ

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

O orzamento total da subministración, segundo o Prego de prescricións técnicas ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa :

Orzamento	80.991,74
IVE (21%)	17.008,26
Orzamento	98.000,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 78.400,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento está financiado con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 %, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación do ben moble.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/453D/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de adquirinte, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de subministracións

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial.

2.- Adquirido o ben, a entidade beneficiaria deberá rotular o ben en lugar visible de forma que se deixe constancia da data da adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación de subministración, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que figuren polo menos os seguintes datos: persoa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

2.- Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado

á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DO CONTRATO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.-A subministración que é obxecto de financiamento provincial, tal como está descrito no Prego de prescricións técnicas indicado na cláusula PRIMEIRA, deberá estar finalizado e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACIÓNS E SANCIÓNS

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación

excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

CEE	BEIRARRÚAS EN LAMAS (AMEIXENDA)	37.710,27	Acreditación da obtención da autorización da Axencia Galega de Infraestr.
CORCUBIÓN	ACONDIC. PISTA DEPORTIVA DA AREA RECREO S. ROQUE	31.266,17	
CULLEREDO	PAVIMENTACION NA AVENIDA DO PORTADEGO	81.823,70	
CURTIS	MELLORA CAPA DE RODADURA CMÑO. MAQUES A VILARDOIS	54.736,52	
LOUSAME	RECTIF.CURVA ACCESO Á IGREXA E O CEMITERIO SAN XOAN	41.346,63	Acreditación da dispoñibilidade dos terreos
MALPICA DE B.	PARQUE INFANTIL CONTORNA ESCOLA UNITARIA CAMBRE E OU.	51.100,61	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
MELIDE	ACOND. DE CAMIÑOS NA XANDRAGA E CASTIÑEIROA	37.269,84	
MESÍA	SISTEMAS SOLARES CAMPO FUBOL VISANTOÑA E OUT.	68.807,26	
MONFERO	AGLOMERADO CAMIÑO DESDE O CAMPO A ESTRADA CASAL-MIÑO	32.564,78	
MUGARDOS	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO VIAL PEDREIRA-O GALIÑEIRO	49.879,26	
MUROS	MELLORA DA REDE DE SUMIDOIROS NA VIRXE DO CAMIÑO	30.384,33	Acreditación obtención da autorización do Organismo de Cunca (Augas de G.)
NOIA	ABAST. ÁS FONTES DA RASA, ANGUSTIAS E OU.	33.389,08	
OLEIROS	REF, VIAS DE CAMPO DAS BECERRAS, RUA DA AGUIA E OU.	58.433,45	
ORDES	BEIRARRÚAS CAMPO DA FEIRA-SALGUEIRA (ARDEMIL)	30.192,92	
OROSO	CAPA DE RODADURA NA BAIUCA (SENRA)-REQUEIXO (CARDAMA)	55.239,09	
ORTIGUEIRA	REXENERACION DE PISTAS NA PARROQUIA DE CUIÑA	39.406,19	
OUTES	CAMIÑO EN CRESPOS (VALADARES) E OUTROS	33.216,09	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio
OZA-CESURAS	AGLOMERADO NAS PARROQUIAS DE SANTAIA - TRABA - OZA	67.076,33	
PADERNE	MELLORA NA PAV. NAS PARROQUIAS DE ADRAGONTE E VIGO	35.119,77	
PADRÓN	PAVIMENTACIÓN RUAS NOIRMOUTIER E MOLLET DEL VALLES	49.095,28	
PONTEDEUME	PRAZA DO PAN	104.280,00	Acreditación da obtención da autorización da Direc. Xeral de Patrimonio
PONTES (AS)	MELLORA DE PAVIMENTOS E ALUMEADO NA RÚA CAMELIAS	105.274,71	

PORTO DON SON	HUMANIZACIÓN DA RÚA ENTRE MURALLAS	39.445,00	
RIBEIRA	RECUPERACION DE CAMIÑOS NO LUGAR DE TEIRA (CORRUBEDO)	43.911,35	
	PAVIMENTACION DA CONTORNA DO CRUCEIRO DE OUTEIRO (ARTES)	107.696,88	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
ROIS	AFIRMADO E ACOND, PISTA SILVARREDONDA PEREIRA	71.066,35	
	AFIRMADO E ACOND PISTA EN VILACHAN SABACEDO	81.029,34	
SADA	PAVIMENT. CAMIÑO DE COSTA, PARROQUIA DE SOÑEIRO	49.996,72	
SANTA COMBA	ABASTECEMENTO DE AGUA A PEREIRA 1ª FASE	71.851,47	Dar conta ao pleno de concello da aprobación do proxecto corrixido
SANTIAGO DE C.	SUBSTITUCIÓN REDE ABASTECEMENTO NO LUGAR DE BORNAIS	148.776,89	
	ACONDICIONAMENTO PISTA NA BARCIELA, BERDÍA E CONXO	94.093,65	
SANTISO	CAMIÑO SAÍDA MAROXO (VISANTOÑA) E OUTROS	30.087,61	
TEO	ACONDICIONAMENTO DE VIAL EN BOUÑOU-SESTELO	62.815,53	
	ACONDICIONAMENTO DE VIAL EN REGOUFE	71.628,83	
TOQUES	ACCESO EN SOUTO CARA A MANGOEIRO E OUTROS	30.119,89	
TRAZO	PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN GURIS E POLVEIRA	48.920,60	
VIMIANZO	ACOND. ESCOLA UNITARIA PADREIRO A LOCAL USO MÚLTIPLE	34.850,00	

TOTAL	**3.020.121,00**
TOTAL CONCELLOS	**46**
TOTAL OBRAS	**52**

45.-MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS.

Vistas as bases reguladoras do Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos, aprobadas polo Pleno da deputación en sesión realizada o 20 de decembro de 2013 e publicadas no BOP número 5 de 9 de xaneiro de 2014

Visto que posteriormente se publicou o Real decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, polo que se aproban medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada Atlántica e na costa Cantábrica (BOE número 46 de 22 de febreiro de 2014), cuxa disposición final primeira modifica o texto refundido la Lei reguladora das facendas locais, aprobada polo Real decreto lexislativo 2/2004, no sentido de engadir unha nova disposición final décimo sexta para concretar os requisitos dos "investimentos financeiramente sostibles" que poden financiarse con superávit presupostario, para os efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade

Tendo en conta que está disposto que a deputación financie este plan con cargo ao seu superávit, e que polo tanto os investimentos que soliciten os concellos deben ser financeiramente sostibles e cumprir con todos os requisitos da citada norma

1.- Modificar as Bases reguladoras do Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos, aprobadas polo Pleno da deputación en sesión realizada o 20 de decembro de 2013 e publicadas no BOP número 5 do 9 de xaneiro de 2014, coa finalidade de cumprir as esixencias contidas na citada nova disposición adicional décimo sexta da Lei reguladora das facendas locais, que concreta os requisitos dos investimentos financeiramente sostibles que se poden financiar con cargo ao superávit presupostario, para que a deputación poida utilizar o seu superávit para o financiamento deste plan.

As bases afectadas por esta modificación serían as número 1, 2, 3, 4, 5 e 8, que quedarían redactadas como se indica a continuación, e engádense os anexos IV e V.

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Modifícase o parágrafo 2 para indicar que haberá unha partida por cada tipo de investimento solicitado, segundo os programas posibles recollidos na nova disposición adicional décimo sexta da Lei reguladoras das facendas locais.

A redacción da base 1 parágrafo 2 queda como segue:

> *"En principio, pártese de que nos expedientes de modificación de créditos que se poidan aprobar ao longo dos anos 2014 ou 2015 poida consignarse nas partidas de aplicación do presuposto provincial a cantidade de 18.000.000,00 € para o financiamento do plan."*

2.- FINALIDADE E OBXECTO

Engádense os parágrafos 2 e 3 para indicar que os investimentos que soliciten os concellos deben ser financeiramente sostibles, no sentido da nova disposición adicional décimo sexta da Lei de facendas locais, porque a deputación vai financiar o plan con superávit presupostario.

Modifícase o apartado "A) Obras e subministracións" desta base 2 para concretar os requisitos dos investimentos que poden solicitar os concellos.

Elimínase o apartado "B) Honorarios de redacción de proxectos de obras" que inicialmente permitía destinar a cantidade asignada ao financiamento dos honorarios de redacción de proxectos contratados externamente.

Modifícase o apartado " Achegas municipais a outros plans, programas e convenios" para indicar os seus requisitos.

O apartado "Plan complementario" non se modifica.

A base 2 completa queda redactada como segue:

"O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

Por iso, especialmente neste momento de crise económica, a finalidade deste plan é axudar aos concellos da provincia para garantir a adecuada prestación dos servizos públicos municipais esenciais mediante o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles e dos gastos municipais que deseguido se detallan.

Non obstante, debe terse en conta que no BOE nº 46 do 22 de febreiro de 2014 publicouse o Real decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, polo que se aproban medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e na costa cantábrica, cuxa disposición final primeira modifica o texto refundido da Lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, no sentido de engadirlle unha nova disposición final décimo sexta para concretar os requisitos dos "investimentos financeiramente sostibles" que poden financiarse con superávit presupostario, para os efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

Dado que está disposto que o Plan DTC 93 desta deputación se financie na anualidade 2014 con cargo a superávit presupostario, os investimentos que soliciten os concellos deben ser "financeiramente sostibles" e cumprir os requisitos fixados na citada nova disposición adicional décimo sexta da Lei reguladoras das facendas locais.

A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS

Obras de reparación ou mantemento cunha vida útil superior a 5 anos e que teñan reflexo presupostario nos grupos de programas que se concretan no primeiro parágrafo da citada nova disposición adicional décimo sexta da Lei de facendas locais, que son os seguintes:

- ***161.*** *Saneamento, abastecemento e distribución de augas.*
- ***162.*** *Recollida, eliminación e tratamento de residuos.*

- ***165.*** *Alumeado público.*
- ***172.*** *Protección e mellora do medio natural.*
- ***412.*** *Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos.*
- ***422.*** *Industria.*
- ***425.*** *Enerxía.*
- ***431.*** *Comercio.*
- ***432.*** *Ordenación e promoción turística.*
- ***441.*** *Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte.*
- ***442.*** *Infraestruturas do transporte.*
- ***452.*** *Recursos hidráulicos.*
- ***463.*** *Investigación científica, técnica e aplicada.*

  491. *Sociedade da información*

  492. *Xestión do coñecemento*

Tamén poderán corresponder cos seguintes programas do segundo parágrafo desta norma, pero coa indicación de que cando o gasto sexa superior a 10 millóns de euros e supoña incremento dos capítulos 1 e 2 dos estados de gastos vinculados aos proxectos de investimentos requirirá autorización previa da Secretaría Xeral de coordinación autonómica e local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- ***133.*** *Ordenación do tráfico e do estacionamento.*
- ***155.*** *Vías públicas.*
- ***171.*** *Parques e xardíns.*
- ***336.*** *Protección do patrimonio histórico-artístico.*
- ***453.*** *Estradas.*
- ***454.*** *Camiños veciñais*
  - ***933.*** *Xestión do patrimonio: aplicadas á rehabilitación e reparación de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público (só os adscritos a servizos públicos que non correspondan cos contemplados nos restantes programas da estrutura presupostaria local)*

En todo caso, deben ser obras para as que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e que non precisen de autorizacións ou, no caso de que sexan precisas, conten con elas xa no momento da solicitude, o que deberá acreditarse documentalmente como se indica na base 5.

Canto ás subministracións, quedan expresamente excluídas as adquisicións de mobiliario, útiles e vehículos, salvo os destinados á prestación do servizo público de transporte.

B) ACHEGAS MUNICIPAIS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS E CONVENIOS

Financiamento da achega municipal para participar noutros plans, programas ou convenios da deputación ou doutras administracións públicas que teñan como obxecto as actuacións de reposición ou mantemento, ou as subministracións indicadas no apartado A) e que cumpran con todos os requisitos indicados.

As obras ou subministracións para cuxa achega municipal se solicita financiamento, deben estar adxudicadas no momento da solicitude.

C) PLAN COMPLEMENTARIO

Por outra banda, o concello poderá solicitar actuacións dos tipos A) ou B) que desexe realizar para o caso de que se produzan remanentes por baixas na adxudicación dos contratos, ou por anulacións das actuacións. Non obstante, o concello poderá realizar, no seu momento, unha maior achega para completar o orzamento da actuación complementaria se fose necesario.

Deste modo, a deputación aprobará o Plan DTC 93 Base xunto cun Plan complementario para aplicar os remanentes que se poidan orixinar.

Se o concello inclúe varias obras ou subministracións no Plan complementario, poderá decidir no seu momento aquela á que vai aplicar os remanentes xerados con independencia da súa orde de relación no plan."

3.- DESTINATARIOS

Engádese un parágrafo 2 para indicar os requisitos dos destinatarios dos investimentos, en cumprimento da citada nova disposición adicional décimo sexta.

A base 3 completa queda redactada como segue:

"Os destinatarios deste plan son os 93 concellos da provincia.
De acordo coas esixencias da citada nova disposición adicional décimo sexta, os concellos deben estar ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social, e cumprir co disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril. No suposto de non cumprilo, o investimento non pode supoñer gastos de mantemento e así debe quedar acreditado no seu Plan económico-financeiro convenientemente aprobado."

4.- FINANCIAMENTO

Modifícase o parágrafo 3 da base 4 para indicar, como xa se indicou en relación coa modificación da base 1, que haberá unha partida por cada tipo de investimento solicitado, segundo os programas posibles recollidos na nova disposición adicional décimo sexta da Lei reguladoras das facendas locais.

A redacción da base 4 parágrafo 3 queda como segue:

"Segundo se indica na base 1, en principio pártese de que nos expedientes de modificación de créditos que se poidan aprobar ao longo dos anos 2014 ou 2015 poida consignarse nas partidas de aplicación do presuposto provincial a cantidade de 18.000.000,00 € para o financiamento do plan, e dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o DTC 93 concíbese co carácter de "Programación preventiva de actuacións", suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento, e as reprogramacións de importes ou anualidades, consonte co criterio de prioridade disposto na base 6."

5.- FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE

Modifícase o parágrafo 3 desta base 5 para indicar o novo prazo de presentación de solicitudes como consecuencia da modificación das bases:

> *"O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o 1 de abril de 2014 e rematará ás 14.00 horas do día 19 de maio de 2014."*

Elimínase o apartado 5.2 B) que regulaba a documentación que se ha presentar para financiar honorarios de redacción de proxectos, porque xa non poden incluírse neste plan.

Engádese o apartado 5.3 para incluír a esixencia de presentar para cada investimento unha memoria económica específica asinada polo alcalde.

A base 5.3 queda redactada como segue:

> *"5.3 Memoria económica específica asinada polo alcalde (ANEXO IV)*
> *Para cada investimento deberá presentarse unha memoria económica específica asinada polo alcalde, que conterá unha previsión dos gastos de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda pública da Corporación.*
> *Ademais, deberá conter a proxección dos efectos presupostarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil."*

Engádese o apartado 5.4 para incluír a esixencia de presentar para cada investimento un informe do interventor do concello co contido que se detalla.

A base 5.4 queda redactada como segue:

> *"5.4 Informe do interventor (ANEXO V)*
> *O interventor do concello emitirá un informe sobre os seguintes puntos:*
> - *sobre a consistencia e soporte das proxeccións da citada memoria en relación coas esixencias da norma*
> - *se os investimentos solicitados reúnen os requisitos para ser considerados financeiramente sostibles, indicando as partidas presupostarias de imputación*
> - *e sobre se o concello cumpre co disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril; e no suposto de non cumprilo, se o investimento pode supoñer ou non gastos de mantemento e así queda acreditado no seu Plan económico-financeiro convenientemente aprobado*
>
> *Se o informe do interventor é desfavorable, deberá acreditarse que foi remitido ao órgano competente da Administración pública que teña atribuída a tutela financeira do concello. "*

8.- EXECUCIÓN E PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

Elimínase o apartado B) desta base 8 relativa á execución e pago dos honorarios de redacción de proxectos, porque xa non poden financiarse con cargo a este plan

ANEXO I

Elimínase o apartado relativo aos honorarios de redacción de proxectos, porque xa non poden financiarse con cargo a este plan.

ANEXO IV

Inclúese como anexo IV o modelo de memoria económica específica asinada polo alcalde.

ANEXO V

Inclúese como anexo V o modelo de informe do interventor.

O texto íntegro das bases figura no anexo a este acordo.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para o coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, poderase proseguir coas actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe.

4.- Condicionar a aprobación definitiva destas bases á existencia de crédito adecuado e suficiente nas partida presupostarias de aplicación, tanto no presuposto inicial do exercicio 2014 como nos expedientes de modificación de créditos que a deputación poida aprobar ao longo do ano 2014 ou 2015 para o financiamento do Plan DTC 93.

BASES MODIFICADAS

DO PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente “Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos” é un Plan da Deputación provincial da Coruña destinado aos 93 concellos da provincia que previsiblemente vaise financiar cunha achega provincial por importe de 18.000.000,00 € e ademais coas achegas que voluntariamente realicen os concellos para completar o financiamento dos investimentos.

Achega provincial disposta	18.000.000,00 €

En principio, pártese de que nos expedientes de modificación de créditos que se poidan aprobar ao longo dos anos 2014 ou 2015 poida consignarse nas partidas de aplicación do presuposto provincial a cantidade de 18.000.000,00 € para o financiamento do plan.

Pero dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o DTC 93 concíbese co carácter de "Programación preventiva de actuacións", suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento e, en consecuencia, o plan que poida aprobar a deputación poderá ser o resultado de reprogramacións de importes ou anualidades, consonte co criterio de prioridade disposto na base 6.

Por iso, a aprobación destas bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente nos expedientes de modificación de créditos que a deputación poida aprobar ao longo do ano 2014 ou 2015 para o financiamento do DTC 93. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia presupostaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións presupostarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

Por iso, especialmente neste momento de crise económica, a finalidade deste plan é axudar aos concellos da provincia para garantir a adecuada prestación dos servizos públicos municipais esenciais mediante o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que deseguido se detallan.

Non obstante, debe terse en conta que no BOE nº 46 do 22 de febreiro de 2014 publicouse o Real decreto-lei 2/2014, de 21 de febreiro, polo que se aproban medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada Atlántica e na costa Cantábrica, cuxa disposición final primeira modifica o texto refundido da Lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, no sentido de engadirlle unha nova disposición adicional décimo sexta para concretar os requisitos dos "investimentos financeiramente sostibles" que poden financiarse con superávit presupostario, para os efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

Dado que está disposto que o Plan DTC 93 desta Deputación se financie na anualidade 2014 con cargo ao superávit presupostario, os investimentos que soliciten os concellos deben ser "financeiramente sostibles" e cumprir os requisitos fixados na

citada nova disposición adicional décimo sexta da Lei reguladoras das facendas locais.

A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS

Obras de reparación ou mantemento cunha vida útil superior a 5 anos e que teñan reflexo presupostario nos grupos de programas que se concretan no primeiro parágrafo da citada nova disposición adicional décimo sexta da Lei de facendas locais, que son os seguintes:

- **161.** Saneamento, abastecemento e distribución de augas.
- **162.** Recollida, eliminación e tratamento de residuos.
- **165.** Alumeado público.
- **172.** Protección e mellora do medio natural.
- **412.** Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos.
- **422.** Industria.
- **425.** Enerxía.
- **431.** Comercio.
- **432.** Ordenación e promoción turística.
- **441.** Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte.
- **442.** Infraestruturas do transporte.
- **452.** Recursos hidráulicos.
- **463.** Investigación científica, técnica e aplicada.
- **491.** Sociedade da información
- **492.** Xestión do coñecemento

Tamén poderán corresponder cos seguintes programas do segundo parágrafo desta norma, pero coa indicación de que cando o gasto sexa superior a 10 millóns de euros e supoña incremento dos capítulos 1 e 2 dos estados de gastos vinculados aos proxectos de investimentos requirirá autorización previa da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- **133.** Ordenación do tráfico e do estacionamento.
- **155.** Vías públicas.
- **171.** Parques e xardíns.
- **336.** Protección do Patrimonio histórico-artístico.
- **453.** Estradas.
- **454.** Camiños veciñais.
- **933.** Xestión do patrimonio: aplicadas á rehabilitación e reparación de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público (so os adscritos a servizos públicos que non correspondan cos contemplados nos restantes programas da estrutura presupostaria local)

En todo caso, deben ser obras para as que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e que non precisen de autorizacións ou, no caso de que sexan precisas, conten con elas xa no momento da solicitude, o que deberá acreditarse documentalmente como se indica na base 5.

Canto ás subministracións, quedan expresamente excluídas as adquisicións de mobiliario, útiles e vehículos, salvo os destinados á prestación do servizo público de transporte.

B) ACHEGAS MUNICIPAIS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS E CONVENIOS

Financiamento da achega municipal para participar noutros plans, programas ou convenios da deputación ou doutras administracións públicas que teñan como obxecto as actuacións de reposición ou mantemento, ou as subministracións indicadas no apartado A) e que cumpran con todos os requisitos indicados.

As obras ou subministracións para cuxa achega municipal se solicita financiamento, deben estar adxudicadas no momento da solicitude.

C) PLAN COMPLEMENTARIO

Por outra banda, o concello poderá solicitar actuacións dos tipos A) ou B) que desexe realizar para o caso de que se produzan remanentes por baixas na adxudicación dos contratos, ou por anulacións das actuacións. Non obstante, o concello poderá realizar, no seu momento, unha maior achega para completar o orzamento da actuación complementaria se fose necesario.

Deste modo, a deputación aprobará o Plan DTC 93 base xunto cun Plan complementario para aplicar os remanentes que se poidan orixinar.

Se o concello inclúe varias obras ou subministracións no Plan complementario, poderá decidir no seu momento aquela á que vai aplicar os remanentes xerados con independencia da súa orde de relación no plan.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 93 concellos da provincia.

De acordo coas esixencias da citada nova disposición adicional décimo sexta, os concellos deben estar ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social, e cumprir co disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril. No suposto de non cumprilo, o investimento non pode supoñer gastos de mantemento e así debe quedar acreditado no seu Plan económico-financeiro convenientemente aprobado.

4.- FINANCIAMENTO

O presente plan anual financiarase entre a deputación e os concellos que voluntariamente realicen achegas para o financiamento das actuacións que se han realizar.

No suposto de que o concello realice achegas municipais voluntarias, deberá desagregar para cada actuación a parte que financia a deputación e a que financia o concello.

Segundo se indica na base 1, en principio pártese de que nos expedientes de modificación de créditos que se poidan aprobar ao longo dos anos 2014 ou 2015 poida consignarse nas partidas de aplicación do presuposto provincial a cantidade de 18.000.000,00 € para o financiamento do plan, e dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o DTC 93 concíbese co carácter de "Programación preventiva de actuacións", suxeita, polo tanto, a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento, e a reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade disposto na base 6.

A cada concello asígnaselle unha cantidade de achega provincial calculada aplicando as variables ponderadas que deseguido se indican:

10%	Cota fixa
20%	Esforzo fiscal
10%	Número de parroquias
30%	Poboación total
30%	Superficie

No caso de concellos fusionados, calcularase o importe que lle correspondería aos concellos separadamente antes da fusión, e o resultado incrementarase nun 30%.

Da aplicación destas porcentaxes aos datos dos 93 concellos destinatarios do Plan resulta a cantidade de achega provincial que se lles asigna a cada un deles, e que se transferirá aos concellos na forma establecida na base 8.

O presente plan ten carácter de parcialmente "prepagable" no sentido de que o 50% da achega provincial transferirase aos concellos unha vez que se reciba a documentación requirida na forma previda para cada un dos tipos de actuacións descritas na base 8.

5.- FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de **xeito telemático**, a través da páxina web da Deputación da Coruña. www.dicoruna.es. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica o secretario e o alcalde para asinar a documentación achegada, e tamén a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o 1 de abril de 2014 e rematará ás 14.00 horas do día 19 de maio de 2014.

A documentación administrativa e técnica será revisada e supervisada pola Deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada.

A documentación que debe presentarse é a que deseguido se indica:

5.1. – Acordo plenario (ANEXO I)

Certificación do acordo do Pleno do concello segundo o modelo que figura como ANEXO I a estas bases, no que se acepten expresamente estas bases e se aprobe a solicitude que se ha realizar, coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores, de xeito que se concrete o importe que se financia con cargo á achega provincial e o que se financia con cargo á achega municipal voluntaria.

No caso de que o concello realice achegas municipais voluntarias, deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito de abondo para o financiamento da achega municipal disposta.

No caso de obras, no mesmo acordo indicarase expresamente que o concello conta cos terreos necesarios e coas autorizacións ou concesións administrativas precisas para a súa execución.

Se o concello decide destinar a cantidade que se lle asigna neste plan ao financiamento da achega municipal obrigatoria para participar noutros plans ou programas da deputación ou doutras administracións públicas que teñan como obxecto as actuacións de reposición ou mantemento ou as subministracións indicadas nestas bases, deberá indicar os datos das actuacións ás que se destina e o plan no que se inclúen, desagregando o seu financiamento entre todas as administracións cofinanciadoras.

Neste acordo incluirase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das actuacións, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións ou da propia deputación para a execución da obra, deberá facilitar o detalle de cada unha delas e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Igualmente, no devandito acordo autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. De non outorgar esta autorización, o concello deberá presentar as certificacións oportunas coa documentación da solicitude e coa documentación xustificativa requirida para o pago.

Non obstante, os municipios de gran poboación formalmente acollidos ao réxime disposto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, poderán adoptar o acordo de participación neste plan polo órgano municipal que teña atribuída a competencia.

5.2 Documentación específica

A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS

- Documentación técnica

Proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, co contido establecido no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (BOE nº 276 do 16 de novembro de 2011).

- Informe técnico

Informe técnico individual para cada un dos proxectos presentados, no que se indiquen expresamente as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, a dispoñibilidade dos terreos necesarios e outros aspectos de interese que deban terse en conta. Se se precisan autorizacións deberá achegarse o correspondente documento acreditativo de que o concello xa conta con elas.

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do citado Real decreto lexislativo 3/2011.

O orzamento mínimo de cada proxecto técnico de obra ou prego de prescricións técnicas das subministracións establécese en 30.000,00 euros.

B) ACHEGAS MUNICIPAIS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS E CONVENIOS (ANEXO II)

Debe presentarse unha ficha resumo cos datos das obras cuxa achega municipal se vai incluír neste plan, detallando o seu financiamento desagregado segundo o modelo que figura como anexo II a estas bases.

5.3 Memoria económica específica asinada polo alcalde (ANEXO IV)

Para cada investimento deberá presentarse unha memoria económica específica asinada polo alcalde, que conterá unha previsión dos gastos de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda pública da corporación.

Ademais, deberá conter a proxección dos efectos presupostarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil.

5.4 Informe do interventor (ANEXO V)

O interventor do concello emitirá un informe sobre os seguintes puntos:

- sobre a consistencia e soporte das proxeccións da citada memoria en relación coas esixencias da norma

- se os investimentos solicitados reúnen os requisitos para ser considerados financeiramente sostibles, indicando as partidas presupostarias de imputación
- e sobre se o concello cumpre co disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril; e no suposto de non cumprilo, se o investimento pode supoñer ou non gastos de mantemento e así queda acreditado no seu Plan económico-financeiro convenientemente aprobado

Se o informe do interventor é desfavorable, deberá acreditarse que foi remitido ao órgano competente da Administración pública que teña atribuída a tutela financeira do concello.

6.- APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación presentada, o Pleno da deputación poderá aprobar un plan partindo das solicitudes presentadas polos concellos. O plan poderá aprobarse nunha ou varias fases, unha vez coñecidas as posibilidades de financiamento da deputación e acreditada a dispoñibilidade presupostaria adecuada e suficiente.

O plan que se aprobe poderá ser o resultado de axustes ou reprogramacións de importes ou anualidades, aplicándose como “criterio de prioridade” a poboación dos concellos, de xeito que terán prioridade as solicitudes presentadas polos concellos de menor poboación.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presenten alegacións nin se emita informe, poderanse proseguir os trámites.

A aprobación definitiva do Plan adicional que máis adiante se aprobe, financiado coas baixas de licitación ou anulacións de proxectos que se aprobe no marco do Plan complementario, realizarase mediante Resolución da Presidencia na que se declare cumprida a condición de existencia de crédito suficiente e en consecuencia se declare definitivamente aprobado o Plan adicional no que se incluirán as obras ou subministracións dispostas no Plan complementario de aqueles concellos para os que exista crédito para o seu financiamento.

7.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

Os concellos contratarán as obras de acordo co texto refundido da Lei de contratos do sector público, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración ou mediante procedemento negociado, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta Deputación. O concello

debe cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato**.**

Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia administración de acordo co establecido no artigo 24 do citado texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Non se poderá realizar a adxudicación mediante contrato menor.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do plan, os concellos poderán adxudicar as actuación incluídas no plan **ata o 1 de outubro de 2014.** Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución de Presidencia tras a solicitude motivada do concello.

Non obstante, no caso de que a aprobación do plan se produza por fases ao longo do ano 2014 ou 2015, a deputación poderá establecer outras datas para a contratación das obras.

As baixas que se produzan no plan destinaranse a minorar a achega municipal que se realice ata anular, se fora posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente actuación.

Unha vez adxudicadas as obras deberá remitirse á esta deputación, de xeito telemático, a seguinte documentación:

- Listaxe das obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se enviará ao concello coa circular de contratación

- A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos

- Acta de comprobación do replanteo

- No caso de adxudicación mediante procedemento negociado, deberá presentarse a seguinte documentación:

    - xustificación da publicidade da licitación ou a consulta a 3 empresas
    - a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
    - informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios da adxudicación dispostos na cláusula 15 en relación co anexo IV do prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas

- No caso de adxudicación mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración-factor prezo, ou con multiplicidade de criterios de valoración deberá presentarse a seguinte documentación:

    - xustificación da publicidade da licitación

- a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
- informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación dispostos no prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas

- No caso de que foran executadas pola propia administración, deberá presentarse o informe do secretario do concello no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 do Real decreto lexislativo 3/2011 e a acta de inicio das obras.

8.- EXECUCIÓN DO PLAN E PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

A deputación transferirá ao concello o importe da achega provincial segundo se detalla a continuación para cada un dos tipos de actuacións incluídas neste plan. En todo caso ao realizarse o pagamento con carácter parcialmente prepagable, o concello deberá xustificar a efectiva aplicación da achega provincial recibida á finalidade para a que foron transferidos. A presentación da documentación será telemática.

No caso de que os importes das obras executadas polo concello incluídas dentro do plan así como do resto das actuacións realizadas, sexan inferiores ás cantidades transferidas ao concello, iniciarase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda. O concello queda obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida pola deputación.

A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS

- OBRAS:

O concello deberá notificar á deputación cunha antelación mínima de 15 días a data disposta para realizar tanto a comprobación de replanteo da obra, como a súa recepción, para que poida asistir un representante da deputación se o considera conveniente. Non obstante, se no prazo de dez días contados desde o día seguinte ao de recepción desta comunicación, a deputación non lle comunica ao concello a designación do técnico da deputación que asistirá a ditos actos, o concello poderá realizalos sen a presenza de persoal da deputación.

Cando se reciba na deputación a acta de comprobación de replanteo da obra, a deputación transferirá ao concello, con carácter de prepagable, o 50% da achega da deputación calculada sobre o presuposto de adxudicación de cada actuación.

As obras executaranas os respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións técnicas da subministración. A dirección e a execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

As modificacións dos contratos tramitaranse, no seu caso, polo concello, de acordo co establecido no Real decreto lexislativo 3/2011 citado. De calquera xeito, requiririase a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

Calquera incremento que se derive da execución do proxecto deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

Á medida que se execute a obra, os concellos deben presentar na deputación as correspondentes certificacións de execución das obras ou as facturas, debidamente aprobadas polo órgano municipal competente, para a súa aprobación técnica pola deputación.

Xunto coa primeira certificación deberán presentarse dúas fotografías onde se reflicta a colocación do cartel na obra e no seu contorno, conforme ao modelo establecido.

Cando se presente a derradeira certificación de execución ou factura acompañada da "acta de recepción", así como a certificación acreditativa da aprobación da certificación ou factura polo órgano municipal competente e a acreditación de ter destinado o importe anticipado a realizar os pagos correspondentes, a deputación transferirá ao concello o 50% ou resto da achega provincial, calculada sobre o presuposto de adxudicación, correspondente ao investimento executado.

Todas as obras deberán estar terminadas o 1 de outubro de 2015. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución de Presidencia tras a solicitude motivada do concello.

- SUBMINISTRACIÓNS:

Cando se reciban na deputación os datos de adxudicación da subministración, a deputación transferirá ao concello, con carácter de prepagable, o 50% da achega da deputación calculada sobre o presuposto de adxudicación.

Cando se reciba na deputación a factura aprobada polo órgano municipal competente acompañada da acta de recepción, a deputación transferirá ao concello o 50% ou resto da achega da deputación.

Todas as subministracións deberán estar realizadas o 1 de outubro de 2015. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución de Presidencia tras a solicitude motivada do concello.

B) ACHEGAS MUNICIPAIS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS E CONVENIOS

A deputación transferirá ao concello o 50% da achega provincial aplicada a esta finalidade logo da aprobación do plan polo Pleno con base nos datos que figuran no ANEXO II presentado coa solicitude de participación no plan.

Os concellos deberán presentar na deputación, ata o 1 de outubro de 2015, un informe asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello xustificativo da achega provincial, así como a acta de recepción do investimento ou informe

técnico xustificativo da súa execución segundo o modelo que figura como ANEXO III ás bases.

Á vista da citada documentación anexa a deputación transferirá ao concello o 50% ou resto da achega provincial solicitada para esta finalidade.

Unha vez que o concello realice o pago da citada cantidade, enviarase á deputación o xustificante do pagamento.

O concello queda obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida pola deputación.

9.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da Deputación, logo do informe da Secretaría e da Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO I

PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

MODELO DE ACORDO PLENARIO

1º) Participar no "Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada á seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
T O T A L			

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

B) Achegas municipais a outros plans, programas ou convenios

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN E DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE	FINANCIAMENTO DESAGREGADO	ACHEGA PROVINCIAL APLICADA
T O T A L		

C) Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS				
SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS				
TOTAL				

2º) Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as actuacións que a continuación se indican, e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións das obras ou subministracións:

Denominación	Presuposto
TOTAIS	

3º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

4º) (Só no caso de que exista achega municipal voluntaria)

Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito de abondo para o seu financiamento.

5º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E para que así conste, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. alcalde, en , de .

V. e pr.

O alcalde

ANEXO II

PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

CONCELLOS QUE DESTINAN A CANTIDADE ASIGNADA POLA DEPUTACIÓN AO FINANCIAMENTO DAS ACHEGAS MUNICIPAIS OBRIGATORIAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS DA DEPUTACIÓN OU DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello para o pago do primeiro 50% da achega provincial

CONCELLO DE	

DENOMINACIÓN E CÓDIGO DA OBRA	DENOMINACIÓN DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE	DESAGREGAMENTO POR ADMINISTRACIÓNS	IMPORTES SOBRE CONTRATA	IMPORTES SOBRE ADXUDICACIÓN
		T o t a l		

A efectos do pagamento do 50% da achega provincial, informo que o concello adquiriu o compromiso de realizar unha achega municipal pola cantidade que se indica, ou que a administración que xestiona o plan ou programa realizou o requirimento de ingreso do citado importe:

Achega municipal comprometida ou requirida	

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

ANEXO III

PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

CONCELLOS QUE DESTINAN A CANTIDADE ASIGNADA POLA DEPUTACIÓN AO FINANCIAMENTO DAS ACHEGAS MUNICIPAIS OBRIGATORIAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS DA DEPUTACIÓN OU DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

CONCELLO DE	

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello para o pago do segundo 50% ou resto da achega provincial

DENOMINACIÓN E CÓDIGO DA OBRA	DENOMINACIÓN PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE	DESAGREGAMENTO POR ADMINISTRACIÓNS	IMPORTES SOBRE CONTRATA	IMPORTES SOBRE ADXUDICACIÓN	IMPORTES SOBRE EXECUCIÓN
		Total			

Para os efectos da xustificación e pagamento do 50% ou resto da achega provincial solicitada, xúntase a acta de recepción do investimento ou informe técnico xustificativo da súa execución.

Unha vez que o concello realice o pago da citada cantidade, enviarase á deputación o xustificante do pagamento.

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

ANEXO IV

PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

MEMORIA ECONOMICA ESPECIFICA DE CADA INVESTIMENTO SOLICITADO

CONCELLO DE	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
PRESUPOSTO DO INVESTIMENTO	

1.- PREVISIÓN DE GASTOS E INGRESOS

(previsión dos gastos de mantemento, dos posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda pública da Corporación)

2.- PROXECCIÓN DOS EFECTOS PRESUPOSTARIOS E ECONÓMICOS

(proxección dos efectos presupostarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil)

_____ , _____ de 2014

O alcalde

Asdo:_____

ANEXO V

PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

INFORME DO INTERVENTOR ESPECIFICO PARA CADA INVESTIMENTO SOLICITADO

CONCELLO DE	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
PRESUPOSTO DO INVESTIMENTO	

1.- CONSISTENCIA E SOPORTE DAS PROXECCIÓN DA MEMORIA DO ALCALDE

(previsión dos gastos de mantemento, dos posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda pública da corporación)

2.- ANÁLISE DA CONSIDERACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

(análise sobre se os investimentos solicitados reúnen os requisitos para ser considerados financeiramente sostibles, indicando as partidas presupostarias de imputación)

3.- CUMPRIMIENTO POLO CONCELLO DO DISPOSTO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL.

(Informe sobre se o concello cumpre co disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril; e no suposto de non cumprilo, se o investimento pode supoñer ou non gastos de mantemento e así debe quedar acreditado no seu Plan económico-financeiro convenientemente aprobado)

(Se o informe do Interventor é desfavorable, deberá acreditarse que foi remitido ao órgano competente da Administración pública que teña atribuída a tutela financeira do concello, indicando a data da súa remisión)

_____ , _____ de 2014

O interventor

Asdo:_____

46.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE ARANGA E IRIXOA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DENOMINADAS "ESTRADA DE CAMBÁS A IRIXOA".

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración cos Concellos de Aranga e Irixoa para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLOS		ARANGA E IRIXOA
DENOMINACIÓN DA OBRA		Estrada de Cambás a Irixoa
PRESUPOSTO DO PROXECTO		280.000,00
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	Ao Concello de Aranga	112.000,00
	Ao Concello de Irixoa	112.000,00
	TOTAL	**224.000,00**
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO		80,00000 %
PARTIDA PRESUPOSTARIA		0430/453D/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria .

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE ARANGA E IRIXOA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS "ESTRADA DE CAMBÁS A IRIXOA"

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Aranga, Alberto Platas Álvarez e o alcalde-presidente do Concello de Irixoa, Antonio Deibe Sanmartín

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e dos Concellos de Aranga e Irixoa

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os Concellos de Aranga con CIF P1500300G e Irixoa con CIF P1504000I, para o financiamento da obra de **"ESTRADA DE CAMBÁS A IRIXOA"**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico ANTONIO LÓPEZ PANETE.

2.- As ENTIDADES BENEFICIARIAS, na súa condición de promotoras da obra, achegan ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, as ENTIDADES BENEFICIARIAS, comprométense a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	194.457,95
Gastos xerais (13%)	25.279,53
Beneficio industrial (6%)	11.667,48
IVE (21%)	48.595,04
Orzamento de contrata	280.000,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 224.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos dos concellos de Aranga e Irixoa, por importe de 28.000,00 € cada un, acreditando as ENTIDADES BENEFICIARIAS que consignaron o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios

por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/453D/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN
1.- A licitación, contratación, dirección e execución das obras comprendidas no proxecto indicado na cláusula primeira corresponde ao Concello de Aranga, de acordo co Convenio de colaboración subscrito entre os Concellos de Aranga e Irixoa o 7 de febreiro de 2014
2.- O procedemento de contratación e execución axustarase ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que se tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegará con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL
1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, as ENTIDADES BENEFICIARIAS estarán obrigadas a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.
1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor do Concello de Aranga, segundo o Convenio asinado entre os concellos de Aranga e Irixoa o 7 do febreiro de 2014, pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta do Concello de Aranga, segundo o convenio asinado entre os concellos de Aranga e Irixoa o 7 de febreiro de 2014. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.
2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo) transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento a ás ENTIDADES BENEFICIARIAS para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá ás ENTIDADES BENEFICIARIAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, póidalle corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- As ENTIDADES BENEFICIARIAS deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. As ENTIDADES BENEFICIARIAS autorizan á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- As ENTIDADES BENEFICIARIAS destinarán os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as ENTIDADES BENEFICIARIAS poderán ser escollidas pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, as ENTIDADES BENEFICIARIAS quedan sometidas aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación das ENTIDADES BENEFICIARIAS serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ás ENTIDADES BENEFICIARIAS será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2.- Para o caso de que as ENTIDADES BENEFICIARIAS non poidan ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberán solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios

orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.
1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARANGA	ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE IRIXOA
Diego Calvo Pouso	Alberto Platas Álvarez	Antonio Deibe Sanmartín

47.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE NEGREIRA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "ACONDICIONAMENTO DA PRAZA NAS BRAÑAS, NEGREIRA".

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Negreira para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Negreira
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acondicionamento da Praza nas Brañas
PRESUPOSTO DO PROXECTO	239.999,99 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	192.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	47.999,99 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/151B/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NEGREIRA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS "ACONDICIONAMENTO DA PRAZA NAS BRAÑAS, NEGREIRA"

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Negreira, Juan José Rey Maceira

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Negreira ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Negreira con CIF P1505700C, para o financiamento da obra de **"ACONDICIONAMENTO DA PRAZA NAS BRAÑAS, NEGREIRA"**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto municipal ALFREDO VARELA NOGUEIRA e o arquitecto técnico municipal JOSÉ LUIS GÓMEZ CORES.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	166.678,24
Gastos xerais (13%)	21.668,17
Beneficio industrial (6%)	10.000,69
IVE (21%)	41.652,89
Orzamento de contrata	239.999,99

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 192.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/151B/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN
1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegará con esta os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL
1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.
1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo Director da Obra
2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.
1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.
2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento a á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.
A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de

subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
4.- Se o atraso prodúcese no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.
3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa

de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentou a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.
1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NEGREIRA
Diego Calvo Pouso	Juan José Rey Maceiras

48.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "ILUMINACIÓN PÚBLICA EN PORZOMILLOS. PARROQUIA DE PORZOMILLOS".

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Oza-Cesuras para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Oza-Cesuras
DENOMINACIÓN DA OBRA	Iluminación pública en Porzomillos. Parroquia de Porzomillos
PRESUPOSTO DO PROXECTO	45.282,75 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	36.226,20 €
ACHEGA DO CONCELLO	9.056,55 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/165A/76201

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS "ILUMINACIÓN PÚBLICA EN PORZOMILLOS. PARROQUIA DE PORZOMILLOS"

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o presidente da Comisión Xestora do Concello de Oza-Cesuras, Pablo González Cacheiro

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Oza-Cesuras ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandito porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.
2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.
A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de

subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, dp 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentou a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo

improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.
1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO
Diego Calvo Pouso	Secundino García Casal

51.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA AO 28.02.2014 E PROXECCIÓN AO 31.12.2014.

Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria ao 28/02/2014 e proxección ao 31/12/2014.

52.-MODIFICACIÓN DA BASE 50 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO: SUBVENCIÓNS E TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS PARA O EXERCICIO 2014.

Despois de examinar a documentación que se presenta, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.-Aprobar as modificacións nos datos dos NIF que figuran nestas transferencias:

APLICACIÓN	NIF	NOME	OBXECTO	IMPORTE
0510/422B/467.00	V 15060478	CONSORCIO PROFERIAS DE FERROL	Achega ano 2014	120.000,00
0612/334A/452.00	G70041025 (*)	FUNDACIÓN E.U. RELACIÓNS LABORAIS	Gastos funcionamento ano 2014	5.000,00

2.-Aprobar as modificacións do NIF e da razón social na subvención seguinte:

APLICACIÓN	NIF	NOME	OBXECTO	IMPORTE	PRESUP.	% Financ
0611/231D/481	G15798655 (**)	FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA	Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada da provincia da Coruña.	17.010,00	24.300,00	70,00%

3.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do RD 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerarase definitivamente aprobada a modificación da base de execución do presuposto.

53.-ACORDO SOBRE A FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NOS CONCELLOS DE CURTIS, SOBRADO DOS MONXES E VILASANTAR.

PRIMEIRO.-Informar favorablemente a proposta de prestación conxunta do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos polos concellos de Curtis, Sobrado dos Monxes e Vilasantar, tal e como se regula no convenio de colaboración asinado o día 20 de maio de 2013.

SEGUNDO.-Sen prexuízo da proposta que se formula, en todo caso os Concellos de Sobrado dos Monxes e Vilasantar, no exercicio da súa autonomía, deberán levar a cabo as actuacións necesarias para garantir o axeitado financiamento deste servizo con estrito cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

TERCEIRO.- Que o expediente lle sexa remitido ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, consonte ao disposto no artigo 26.2 da Lei 7/85, segundo a redacción dada pola Lei 27/2013, co fin de que decida finalmente sobre a proposta formulada, así como á Comunidade Autónoma de Galicia, para o efecto de que o órgano que exerce a tutela financeira sobre as entidades locais emita informe ao respecto.

54.-ACORDO SOBRE A FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE PADRÓN.

PRIMEIRO.-Vistos os antecedentes e informes que constan no expediente, aceptando que de momento non se pode prestar o servizo agrupadamente cos Concellos de Rois e Dodro e tendo en conta que o Concello ten previsto un contrato no que se prima especialmente a redución dos custos derivados do tratamento de residuos, trasladándose ao concesionario parte do risco asociado á xestión integral dos residuos, asumindo o Concello o compromiso de levar a cabo as medidas fiscais necesarias para garantir a sustentabilididade financeira do servizo, considérase acreditado que o Concello de Padrón vai levar a cabo a recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos a un custo efectivo menor que o derivado da xestión directa por esta Deputación ou agrupada cos municipios limítrofes

SEGUNDO.-Sen prexuízo da proposta que se formula, en todo caso o concello de Padrón, no exercicio da súa autonomía, deberá levar a cabo as actuacións necesarias para garantir o axeitado financiamento deste servizo con estrito cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

TERCEIRO.- Que o expediente sexa remitido ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, consonte ao disposto no artigo 26.2 da Lei 7/85, segundo redacción dada pola Lei 27/2013, así como á Comunidade Autónoma de Galicia.

55.-DAR CONTA DO ANTEPROXECTO DE INFORME EMITIDO POLO TRIBUNAL DE CONTAS SOBRE A FISCALIZACIÓN DAS RETRIBUCIÓNS E DA XESTIÓN DOS SISTEMAS DE PROMOCIÓN DA INTERVENCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS.

Tomar coñecemento do anteproxecto de informe emitido polo Tribunal de Contas sobre a fiscalización das retribucións e da xestión dos sistemas de promoción da intervención das entidades locais."

I.EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 1/2014

Despois de examinar o expediente e maila documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 1/2014 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 29.575.985,45 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	5.626.180,33
SC. Suplemento créditos:	23.949.805,12
Total de aumentos:	**29.575.985,45**

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería:	29.484.985,45
Baixas de crédito noutras aplicacións:	91.000,00
Total financiamento:	**29.575.985,45**

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	91.000,00	91.000,00
2. Gastos correntes	1.354.695,99	0,00
3. Gastos financeiros	5.015,41	0,00
4. Transferencias correntes	2.614.050,22	0,00
5. Fondo continxencia e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	6.148.366,56	0,00
7. Transferencias de capital	14.292.857,27	0,00
8. Activos financeiros	70.000,00	0,00
9. Pasivos financeiros	5.000.000,00	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	**29.575.985,45**	**91.000,00**

B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. finan. reman. Tesourería	29.484.985,45
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	**29.484.985,45**

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o estabelecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2014 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

II. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "INSTALACIÓN DE TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO MUNICIPAL DE SAN TIRSO DE MABEGONDO."

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública de subvención, entendendo que con isto considérase levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración co Concello de Abegondo para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Abegondo
DENOMINACIÓN DÁ OBRA	*Instalación de terreo de xogo de herba artificial no campo municipal de San Tirso de Mabegondo*
PRESUPOSTO DO PROXECTO	241.575,90 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	193.260,72 €
ACHEGA DO CONCELLO	48.315,18 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/342A/76201

3.- A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 1/2014 no que se consigne crédito suficiente para ou seu financiamento na partida 0430/342A/76201.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

"ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS "INSTALACIÓN DE TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO MUNICIPAL DE SAN TIRSO DE MABEGONDO"

Na Coruña o

REUNIDOS

Dunha parte, o Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o Alcalde Presidente do Concello de Abegondo, José Antonio Santiso Miramontes

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Abegondo ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Abegondo con CIF P1500100A, para o financiamento da obra de "INSTALACIÓN **DE TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO MUNICIPAL DE SAN TIRSO DE MABEGONDO"**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico JOSÉ CARLOS FERNÁNDEZ DANS.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	167.772,69
Gastos xerais (13%)	21.810,45

Beneficio industrial (6%)	10.066,36
IVE (21%)	41.926,40
Orzamento de contrata	241.575,90

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 193.260,72 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 1/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado,

deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Deberá acreditar o aboamento aos terceiros do importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.
1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.
2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.
A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.
1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.
1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (RD 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.
1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requiriralle á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e despois dos informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.
1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria con data do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente da Deputación Provincial da Coruña	O Alcalde-Presidente do concello de Abegondo
Asdo.: Diego Calvo Pouso	Asdo.: Manuel Ramos Pérez”

oOo